

Xuntos e case revoltos: os condes de Pallaes e Pardo-Bazán na Galiza do “progreso indefinido”

Xosé R. Veiga

(UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA)

xoseramon.veiga@usc.es

(recibido outubro/2011, revisado decembro/2011)

RESUMEN: José Pardo-Bazán e Manuel Vázquez de Parga son dúas figuras emblemáticas da xeración postrevolucionaria (nacidos a finais da década dos anos 20 do século XIX) que protagoniza unha parte da vida pública da Galicia decimonónica. O obxectivo deste traballo é definir algunhas das liñas básicas que guiaron a súa actuación pública, para así delinear con máis precisión os intereses e as realizacións dun grupo xeracional que marcou coa súa pegada o devir de Galicia ata comezos do século XX.

PALABRAS CLAVE: Xeración, Galicia, Século XIX, Política, Pensamento agrario.

ABSTRACT: Jose Pardo-Bazán and Manuel Vázquez de Parga are two emblematic figures of the postrevolutionary generation that star in a part of the public life of nineteenth-century Galicia. The aim of this article is to define some of the basic lines that guided their public performance, thus to delineate with more precision the interests and the achievements of a generational group that marked with his stamp happening of Galicia until beginnings of twenty-century.

KEY WORDS: Generation, Galicia, Nineteenth-century, Politics, Agrarian thought.

AS COINCIDENCIAS XERACIONAIS

Permítanme comezar estas liñas cunha pregunta: podemos considerar a José Pardo-Bazán e a Manuel Vázquez de Parga como integrantes dunha mesma xeración do punto de vista histórico e historiográfico? Se partimos dunha das definicións que achega o dicionario da Real Academia Galega (“Conxunto de persoas que teñen aproximadamente a mesma idade”), a resposta é sen dúbida afirmativa: Don José naceu en A Coruña un 20 de xuño de 1827 (Crespo, 1997: 471), en tanto que D. Manuel fíxoo en Vilalba, na parroquia de Sancobade, lugar de Penas Corbeiras, un 13 de xuño de 1828 (Veiga, 1999: 31¹). De ampliar un chisco a definición e incluír outros aspectos como manter un contacto persoal máis ou menos achegado, de novo obtemos unha resposta positiva: Don José e Don Manuel eran parentes, xa que a nai de Manuel, Manuela Somoza y Pallaes, estaba emparentada coa esposa de José,

¹ Agás indicación expresa en contrario, todas as referencias a Manuel Vázquez de Parga proceden desta obra.

Amalia Rúa-Figueroa y Somoza². Compartiron, ademais, unha longa e firme amizade como mínimo dende 1849, cando os dous coinciden en Compostela en calidade de estudantes de Dereito³. A partires de aquí, atopámoslos colaborando tanto na *Revista de Galicia* (Santiago de Compostela, 1850) como na redacción, que comparten, da *Memoria sobre la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia* (Madrid, 1862). Descoñecemos se puideron coincidir nalgunha empresa máis, se ben sabemos que o contacto mantívose tanto a nivel epistolar como con algunhas visitas aos respectivos domicilios. Xa que logo, e por esta banda, o principio xeracional tamén se mantén.

Autores que teñen reflexionado verbo das posibilidades do concepto de xeración para a análise histórica, dende o xermano Dilthey até Julián Marías, coinciden en que para falar de xeración é forzoso referirse a individuos que, alén de gozar un mesmo tempo vital, deben tamén compartir unha serie de ideais comúns, un conxunto de riscos culturais e un feixe de experiencias semellantes que, ademais, deberían desenvolverse, en verbas de Dilthey, nos anos da súa maior “fuerza viril” (Martínez de Codes, 1982: 61). E por aquí tamén as coincidencias dos nosos protagonistas son claras. Común é a súa preocupación pola situación agrícola do país e pola problemática foral (por máis que non coincidan na solución), así como o seu ideal dun propietario emprendedor que debería encabezar a rexeneración agrícola galega. Común unha formación cultural que non só pasa pola universidade (os dous licenciados en Dereito) senón tamén por unhas gorentosas bibliotecas (non fallan entre eles tanto recomendacións de lecturas como intercambio de libros), uns alicerces que algún papel tiveron que xogar noutra das actividades que comparten como é a implicación en aventuras periodísticas, *El Correo de Lugo* e *El Eco de Galicia* no caso de Vázquez de Parga, e o madrileño *La Discusión* no de Pardo-Bazán (Couceiro Freijomil 1953), ademais da súa xa mencionada coincidencia na *Revista de Galicia*. Intégranse igualmente nunha mesma cultura política liberal (por máis que cada un opte por suxeitarse a unha póla diferente da árbore do liberalismo, moderada-conservadora a de Vázquez de Parga, e progresista a de Pardo-Bazán), e os dous participan do que Romeo Mateo ten denominado “liberalismo patricio”, é dicir, dunha concepción da intervención en política como consecuencia case natural

² En cartas particulares queda constancia desta relación. Por exemplo, en 23.01.1860, Vázquez de Parga escribe á súa nai Manuela dende A Coruña e infórmaa do bo estado de saúde da familia de Pardo-Bazán, e ao tempo acláralle que aínda non puido ver ás curmáas da súa muller. En todas as cartas que seu fillo lle dirixe dende A Coruña, sempre se inclúen saúdos dos seus parentes os Pardo-Bazán. Ver: Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Serie Xeral, Documentación do Conde de Pallares, atado 9 (no sucesivo: AHPL, CP). Ver, tamén, Freire (2009).

³ Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Fondo universitario, Expedientes persoais, atado 998, expediente 23 (para Pardo-Bazán); Archivo Histórico Universitario de Valladolid, legajo 677-41, Expediente personal de Manuel Vázquez de Parga, e Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Fondo universitario, Expedientes persoais, atado 1539 (para Vázquez de Parga). Ademais de en Compostela, Pardo-Bazán estudou na facultade de Dereito da Universidad Central de Madrid (Archivo Histórico Nacional, Universidades, 4552, exp. 8), e Vázquez de Parga nas de Salamanca e Valladolid. No AHPL, CP, atados 9, 10 e 13, atópanse varias correspondencias que demostran a boa amizade entre os dous persoeiros.

da súa notabilidade económica, social e cultural, pouco menos ca unha obriga, case unha carga, que vai anexa á condición de representantes da elite propietaria e do saber que ambos os dous representan e que tan espallada está pola Europa postrevolucionaria (Romeo, 2005; Sierra, 2010; Cammarano, 2002; Bord, 2002). Un e outro, xa que logo, insírense na vida política do seu tempo (aínda que nunca chegaron a coincidir nas súas representacións parlamentarias, como logo veremos), e os dous participan dos modos e das estruturas clientelares e de padroádego que son comúns á inmensa maioría dos políticos decimonónicos.

Do punto de vista social, as concomitancias son evidentes. D. José e D. Manuel proceden de familias fidalgas⁴, e mesmo chegarán a compartir tamén condición nobiliaria aínda que por vías ben diferentes. No caso de Vázquez de Parga, recibe en 1857 o título de Conde de Pallares logo da morte sen fillos do anterior titular, seu tío Manuel Pallares Somoza, en tanto que Pardo Bazán convértese en conde de igual nome en 1871 logo da concesión que lle fai de tal honra o Papa Pío IX, que recoñece deste xeito a defensa da unidade católica que don José fixo nas Cortes de 1869 (Vales Vía, 2005)⁵. Xeracional é do mesmo xeito a rápida asunción de responsabilidades políticas que presentan un e outro. Vázquez de Parga accede á súa primeira representación parlamentaria en 1857 sen ter aínda cumpridos os 30 anos, pero é que o seu primeiro intento de chegar ao Congreso dos Deputados data de 1853, cando nin sequera contaba cos 25 anos preceptivos para ser elixido deputado. Pardo-Bazán chega ás Cortes con 27 anos, en maio de 1855, intre no que substitúe a un ilustre liberal progresista coruñés como foi Vicente Alsina, mais é que xa antes dera probas da súa precocidade política ao resultar elixido alcalde da Coruña en 1854⁶. Para mellor explicar esta temperá vocación política, máis unha vez debemos botar man doutra característica común aos dous persoeiros, agora centrada nas respectivas figuras dos seus proxenitores, ambos os dous tamén representantes en Cortes, don Antonio Vázquez de Parga nas seminais de 1810 en representación da provincia de Lugo, e don Miguel Pardo Bazán nas de 1834 e nas de febreiro e outubro de 1836⁷. Por último, e para non alongar sen xeito a relación, xeracional é tamén a común posición de propietarios, de “hacendados” na terminoloxía da época, unha condición que aos dous lles chega polo seu carácter de herdeiros de amplos

⁴ Sobre a liñaxe dos Pardo-Bazán, Docampo (2009). Ver, tamén, Arquivo Histórico Universitario de Santiago, Fondo universitario, Probas de limpeza de sangue, C. Fonseca, S.H. 370, exp. 2 de Miguel Pardo-Bazán de Mendoza y Castro.

⁵ Arquivo Histórico Nacional, Consejos, 8987, A. 1872, exp. 203: José Pardo-Bazán recibe, en 3.07.1872, autorización para usar en España o título de Conde de Pardo-Bazán outorgado polo Papa.

⁶ Archivo del Congreso de los Diputados, Serie Documentación Electoral, 37, n° 22. Ver, tamén, Barreiro Fernández (2001, pp. 476-477).

⁷ Archivo del Congreso de los Diputados, Serie Documentación Electoral, 11, n° 5, 12, n° 35 e 13, n° 24. Ver, tamén, Barreiro Fernández (2001, pp. 477-478) e Archivo Histórico Nacional, FC. M° Hacienda, 2828, exp. 501: aquí recóllese a traxectoria de Miguel Pardo-Bazán, cos seus cargos militares (desde a súa subtenencia en 1808 no rexemento provincial de Pontevedra, até o seu retiro en 1818 co grao de capitán de infantaría) e co seu posto de xefe político da provincia de Lugo entre setembro de 1822 e abril de 1823.

patrimonios a xeito de terras e rendas: Pallares dispón delas en Lugo capital, Vilalba, Cospeito, Guntín, Láncara, Monforte, Outeiro de Rei, O Páramo, Bóveda, Póboa do Brollón, Rendar, Sarria, Triacastela e Xermade (todas na provincia de Lugo), en tanto que as de Pardo-Bazán localízanse en Abegondo, Aranga, Arteixo, Boimorto, Bergondo, Cedeira, Cerdido, Cesuras, Coirós, A Coruña, Fene, Ferrol, Malpica, Mesía, Moeche, Muxía, Narón, Oleiros, Ordes, Ortigueira, Oza dos Ríos, Paderne, Ponteceso, Sada, San Sadurniño, As Somozas, Valdoviño (na provincia de A Coruña), Viveiro (na de Lugo) e en Sanxenxo, O Grove e O Poio (na de Pontevedra) (Barros Guede 2009). Dous excelentes exemplos da “dispersión” dos patrimonios fidalgos de que hai tantos anos falara xa Ramón Villares no seu clásico *La propiedad de la tierra en Galicia*.

As coincidencias son, xa que logo, numerosas⁸, tanto se nos fixamos nas súas orixes como se o facemos na súa formación, na súa traxectoria vital ou nos temas que ocuparon as súas preocupacións en tanto que homes públicos, e é claro que participan dunha evidente relación xeracional. De ampliarmos o zoom, non é difícil identificar outros individuos que compartiron con eles cando menos unha parte dos seus intereses, e que tamén coma eles podemos incluír nunha xeración postrevolucionaria que se integra na vida pública logo do goberno longo dos moderados (1845-1854) e cando as chamadas da guerra civil carlista estaban xa apagadas, por mais que aínda os das boinas vermellas terían folgos para rexurdir como a ave fénix no Sexenio Democrático. Son homes nados na derradeira xeira do absolutismo fernandino (entre 1823 e 1833), que viven a carlistada sendo aínda nenos e mozos máis preto de abondo como para coñecer e, nalgúns casos, sufrir os seus efectos, e que por enriba de todo coinciden na necesidade de centrar as enerxías e os folgos no avance material do país, de acordo cunha ideoloxía do progreso que dende o remate das guerras napoleónicas estaba a impoñerse con forza en Europa a cabalo de innovacións espectaculares como o ferrocarril, verdadeiro mesías para toda unha xeración de individuos marcados a lume polas inmensas posibilidades de desenvolvemento que facían recaer no tendido das vías férreas (Barreiro Fernández 1986). Individuos que, sen arrecunchar as súas orixes (fidalgas en moitos casos e case sempre moi vencelladas aos intereses agrarios e rendistas), son quen de subir ao carro do século e ampliar os seus horizontes orixinais, de adquirir unha formación universitaria (en Dereito de xeito case unánime), de integrárense na cultura política liberal (sexa como moderados, como progresistas ou nese híbrido intermedio da Unión Liberal), e de participar na vida política do país coas súas presenzas no Congreso, con todo o que iso supón de influencia local nos seus respectivos distritos.

A carón de Pardo-Bazán e de Vázquez de Parga, e de seguir un criterio esencialmente social, político e temporal, poderíamos incluír nesta relación xeracional a un Nicolás Alvarado nado en 1830, fidalgo, licenciado en Dereito, que

⁸ E aínda se podería facer mención dos seus respectivos casamentos apenas separados por uns meses: o de Pallares o 19 de abril de 1851 con María de la Paz de la Riva y Estévez, e o de Pardo-Bazán o 30 de setembro de 1850 con Amalia Rúa-Figueroa y Somoza. Os dous casan con 23 anos.

acada en 1857 o título de marqués de Trives (o mesmo ano en que o facía Vázquez de Parga co condado de Pallares) e que accede ao Congreso por vez primeira en 1858⁹; a un Agustín de Leis que tamén nace en 1830 no seo dunha familia fidalga, fórmase como avogado e chega ás Cortes en 1858; a un Juan Diego Osorio de Albaredo Pardo, nado en 1829, “hacendado” e deputado en 1854; a un Teófilo Rodríguez Vaamonde, fidalgo, que accede ao Congreso no mesmo ano ca Pallares (1857) e que en 1864 recibe, como anos despois o fará Pardo-Bazán, un título nobiliario outorgado polo Papa, o de marqués de Vaamonde; a un Ramón Sanjurjo Pardiñas, algo máis novo ca os anteriores (nace en 1834), “hacendado”, licenciado en Dereito e logo marqués de Casa Pardiñas; a un Frutos Saavedra Meneses, da quinta de Pallares (1828), de orixes fidalgas, militar ilustrado e con presenza no Congreso a partires de 1860, ou a un Vicente Vázquez Quiroga de traxectoria case paralela á de Vázquez de Parga: nado en 1827 no seo dunha familia de egrexia fidalguía, licenciado en Dereito, parlamentario por vez primeira en 1858, conde de Torre Novaes dende 1859, un dos máis activos loitadores no Congreso polo ferrocarril compostelá e entre os organizadores da exposición agrícola, artística e industrial santiaguesa de 1858, como Vázquez de Parga fixo co ferrocarril Palencia-A Coruña e coas exposicións lucenses de 1867 e 1877. De aplicar criterios máis flexíbeis no referido ás datas, non desentoaría na relación un Vicente Calderón Oreiro nado en 1821, nobre (Conde de San Juan), graduado en Dereito e deputado novel en 1857 xunto con Vázquez de Parga, co que consta por correspondencias que mantiña unha boa amizade; un Leandro Pita, de 1819, fidalgo, propietario e por vez primeira nas Cortes en 1850, ou mesmo un Augusto Ulloa, con orixes na pequena fidalguía, nado en 1822, tamén formado en xurisprudencia e que comeza a súa longa carreira política en 1854¹⁰.

Agás Augusto Ulloa, un personaxe ben coñecido da vida política galega e estatal do tempo (Carballo Calero 1951; Barreiro Fernández 2001: 687-690), e o caso moi particular do conde de Pallares, ningún dos mencionados pode competir en canto a liñas a eles dedicadas pola historiografía con figuras case contemporáneas (só un chisco máis veteranas) como as de Antolín Faraldo (nado en 1823), Rúa Figueroa (1820), Neira de Mosquera (1818) ou Romero Ortiz (1822), a xeración de mozos compostelás á que tantas veces ten feito referencia Barreiro Fernández con ocasión dos seus traballos sobre do primeiro provincialismo ou Xusto Beramendi na súa obra, definitiva, sobre do galeguismo político, todos no seu intre apóstolos do progresismo

⁹ Estas eleccións de 1858, as da Unión Liberal, foron estudadas no seu día por Barreiro Fernández (1983), quen salientou xustamente o carácter de homes novos en política de moitos dos elixidos, algúns dos cales terían a partires de entón unha dilatada carreira no Congreso dos Deputados.

¹⁰ Os datos dos diferentes exemplos están tirados, basicamente, de Barreiro Fernández (2001). Non cabería, porén, nesta relación xeracional, nin por orixes nin por traxectoria a pesares de teren sido deputados a Cortes e de naceren na década dos vinte, un Matías López nado en Sarria en 1826, de orixes modestas e empresario de éxito (nalgunhas correspondencias do arquivo do conde de Pallares refírense a el dun xeito despectivo como “el chocolatero”), un Justo Pelayo Cuesta nacido en 1823, avogado de exercicio (a diferenza dos casos anteriores nos que a titulación nunca implicou un traballo de bufete) e de vida case ascética, ou un Manuel Sánchez Guardamino, nado en 1830, como Matías López dedicado aos negocios.

máis avanzado. Ningún dos anteriores conta coa aura galeguista destes últimos, nin coa súa executoria política e ideolóxica en forma de participación en revolucións co seu obrigado tributo en dolorosos exilios. Ningún participa do atrezzo romántico que acompaña aos mozos compostelás dispostos a todo pola defensa das súas ideas, nin da súa forza vital para loitar por elas nunha sociedade entón aínda mal disposta para a súa recepción. Porén, e a pesares destes tons máis preto do gris ca do branco, xentes como Vázquez de Parga, como Pardo-Bazán, como o conde de San Juan, como o conde de Torre Novaes, como Agustín de Leis ou como Frutos Saavedra¹¹, todos con traxectorias vitais moito máis previsíbeis e moito máis planas cas dun Faraldo ou dun Romero Ortiz (por non falar dun Manuel Becerra, tamén nado na década dos vinte e bo amigo do conde de Pallares), xogaron no seu intre un papel de primeira orde no callar definitivo en Galiza dunha orde liberal nesa altura xa postrevolucionaria (se ben aínda agardaba o experimento do Sexenio no que, como logo veremos, Pardo-Bazán puxo non poucas esperanzas), na definición dun xeito de facer política marcado polo peso das influencias persoais e da práctica do favor e da recomendación, no interese pola reforma dunhas estruturas agrarias xulgadas como anquilosadas e fóra de tempo pola continuidade do sistema foral e a “rutina” das prácticas agrícolas, na promoción de cabeceiras de prensa sempre cos “intereses materiais” por bandeira¹², na defensa do ferrocarril como estandarte por excelencia do progreso indefinido no que se cría coa forza da fe, ou na implicación en iniciativas como as exposicións agrícolas e gandeiras ou as granxas-escola, dominados como estaban pola idea de que a emulación e a educación práctica debían resultar dous vectores básicos da rexeneración galega¹³.

As súas actuacións como parlamentarios, case nunca das que ocupan moitas páxinas nos diarios de sesións nin das que marcan políticas, contribuíron a que a

¹¹ Ver a nota biografía que lle dedicou Antonio de la Iglesia (1864): *Biografía de Frutos Saavedra Menezes*, A Coruña, La Galicia.

¹² Un bo exemplo é o artigo de presentación do xornal lucense *La Aurora del Miño*, de 1857: “destinado al fomento de los intereses morales y materiales” e por completo afastado das liortas políticas (15.05.1857). A publicación que mellor reflicte estes ideais é, sen dúbida, a *Revista Económica* promovida pola SEAP compostelá.

¹³ Ao conde de San Juan atopámolo como activo membro da Sociedade Económica de Amigos do País de Compostela na que se interesa polo tema do ferrocarril (*Revista Económica*: 20.01.1860), como participante no debate público xerado pola realidade migratoria (*El Miño*: 20.04.1861), con reflexións ao redor do tema da propiedade (*Revista Económica*: 20 e 30.04.1860), dando a súa opinión sobre os problemas da construción da liña férrea de unión coa Meseta (*Revista Económica*: 15.12.1862), ou falando no Congreso dos Deputados sobre da Lei Hipotecaria e os atrancos para a súa aplicación en Galiza (*Boletín Judicial de Galicia*: 15.07.1865), por non falar das súas “distraccións” literarias (“El aliento del siglo, / vapor infecto, / respirareis al cabo, / pobres gallegos. / Y cosa rara, / veréis que el humo os pone / de buena cara”: *Album de la caridad. Juegos florales de la Coruña en 1861* (1862): A Coruña, Imprenta del Hospicio, p. 213; na mesma publicación, “Placer y pena”, pp. 300-302). Agustín de Leis é dos parlamentarios que batalla en Cortes a prol da liña férrea Palencia-A Coruña, e non dubida en acudir á prensa para defender o remate da mesma na Coruña fronte da postura que prefería a Vigo como punto de destino (*El Miño*: 2.03.1861). Frutos Saavedra defende idéntica postura nas Cortes e na prensa (*El Miño*: 6.03.1861), ao tempo que fai discursos no Congreso a prol do fomento da agricultura en Galiza (*El Miño*: 18.06.1865). Vázquez Quiroga anima tamén a SEAP compostelá, dá a batalla polo ferrocarril Santiago-Carril e intégrase na organización da exposición agrícola, industrial e artística que se celebra en Compostela en 1858...

marcha dos temas socioeconómicos que definen a axenda galega dende mediados do s. XIX (ferrocarril, cuestión foral, estanco do sal, presión impositiva, lei hipotecaria, crédito agrario, quintas, emigración...) tomase uns vieiros e non outros, e a que a política, sobre todo nos espazos local e provincial, responde en boa medida tanto aos seus intereses como ao seu xeito de entendela e de practicala. En definitiva, esta xeración que ten a Vázquez de Parga e a Pardo-Bazán como dous representantes foi, con outros individuos máis xoves e con algúns máis veteranos, protagonista dun xeito de pensar e de facer paradigmático dun momento postrevolucionario no que a xestión e non a acción política directa das barricadas é o obxectivo, coa promoción do progreso material como marca de fábrica. Homes que se aliñan dentro da casa común do liberalismo (nin o carlismo nin o republicanismo aparecen entre as súas opcións ideolóxicas), que comulgan cunha visión burguesa que ten na propiedade privada o seu pilar fundamental (como se comproba nos artigos xa citados do conde de San Juan na *Revista Económica*, nos que publica Pardo-Bazán na *Revista de Galicia*¹⁴ ou no tratamento xeneralizado do tema da redención foral, que conta sempre co engadido do máis escrupuloso respecto polos dereitos de propiedade), e que fan o seu o modelo de familia burguesa coa respectabilidade como valor supremo (a “Casa dulce casa” de que fala Paolo Macry, un dos historiadores que mellor ten retratado o ambiente social das elites do oitocentos, mestura de nobreza en decadencia e burgueses á caza e captura de sangue azul)¹⁵. A súa unánime condición de “hacendados” (en xeral por herdanza, aínda que case ningún resistiu a tentación de participar nalgunha medida no fenómeno desamortizador) explica, xunto da propia realidade estrutural galega, a preocupación agraria dos seus escritos e das súas intervencións públicas, en xeral dominadas por un cheiro fisiocrático que desconfía da industrialización e da urbanización, fonte certa do temido “pauperismo” e de escordadura das xerarquías sociais¹⁶. Avogados, a licenciatura en Dereito úsana non para exercer como tais (as rendas agrarias son dabondo para garantir un tren de vida respectábel) senón para movérense con soltura na estrutura interna dun réxime político en fase de construción administrativa, no que os coñecementos xurídicos fanse cada vez máis imprescindíbeis. Como representantes da boa sociedade, participan da vida asociativa dos casinos, das sociedades

¹⁴ Pardo-Bazán, José: “Estudios sobre la propiedad en Galicia. Foros: su historia, ventajas e inconvenientes”, *Revista de Galicia*, 1.06.1850: “[a propiedade] es innata en el hombre (...); le sigue en todas las situaciones y grados de cultura, que lo mismo la manifiesta el salvaje en la conservación del arco y flechas (...), como el opulento banquero en la de los tesoros que acumuló”.

¹⁵ Macry (1988: XIII).

¹⁶ Como afirmaba Vázquez de Parga na *Revista de Galicia* (1.06.1850): “Sin ella [a agricultura] no pueden sostenerse las demás industrias, porque puede considerarse como fuente y madre de todas”. Na mesma liña, o comentario en *La Aurora del Miño* (15.05.1857): “La riqueza que proporciona la industria es más deslumbradora, pero menos sólida y más expuesta a trastornos de la que estriba en las producciones del suelo”.

económicas e dos ateneos, dos paseos polas alamedas e das visitas programadas aos iguais con merenda incluída¹⁷. Preocupados polo presente e o futuro de Galiza, ningunha consecuencia política tiran deste posicionamento en clave provincialista ou rexionalista: nada que ver neste eido con Murguía ou con Brañas, por mais que non fallan nos seus escritos algunhas reflexións nas que agroma a consciencia dunha Galiza maltratada e incomprendida dende Madrid, que tamén se atopan en non poucos dos discursos parlamentarios de representantes galegos, sempre nun ton máis queixoso ca realmente reivindicativo¹⁸. Liberais, convencidos de que o tempo das revolucións e das guerras civís xa pasou, militantes na doutrina do progreso, máis confiados nas posibilidades agrícolas e gandeiras de Galiza (a pesares de ser conscientes dos seus graves problemas) ca nun hipotético agromar industrial, defensores dunha propiedade privada que apelidan de “sacrosanta”, plenamente inseridos nos valores sociais burgueses (coa familia como alicerce) que son quen de combinar co ar paternalista da vella fidalguía, e perfectamente cómodos dentro do deseño institucional do Estado (o seu nacionalismo español non ofrece dúbida

¹⁷ É o ambiente, por exemplo, que describe Emilia Pardo Bazán para a Compostela decimonónica e que de certo serviría para calquera outra das vilas galegas: “(...) todas las tardes había lucido paseo bajo los árboles de la Alameda. Carmen y Nucha solían ir delante, y las seguían Rita y Manolita, acompañadas por su primo; el padre cubría la retaguardia conversando con algún señor mayor (...). A menudo se arrimaba a Manolita un señorito muy planchado y tieso, con cierto empaque ridículo y exageradas pretensiones de elegancia: llamábase don Víctor de la Formoseda y estudiaba derecho en la Universidad: don Manuel Pardo le veía gustoso acercarse a sus hijas, por ser el señorito de la Formoseda de muy limpio solar montañés, y no despreciable caudal” (*Los pazos de Ulloa* (2005): Madrid, El País clásicos españoles, p. 101). Ou o que traza Leopoldo Alas, “Clarín”, para os faladoiros e casinos ovetenses: “(...) las ilustres damas (...). Visitaban a lo mejor de Vetusta (...). Asistían a todas las novenas, a todos los sermones, a todas las cofradías y a todas las tertulias de buen tono (...). Lo más del tiempo lo empleaban en pagar visitas (...). No pagar una visita de *clase* les parecía el mayor crimen que se podía cometer en una sociedad civilizada” (p. 105). “Ocultos en la sombra de un rincón, alrededor de aquella mesa (...), estaban media docena de socios fundadores (...). Allí se juzgaba a los hombres y los sucesos del día, pero sin apasionamiento; se condenaba, sin ofenderle, a todo innovador (...). Se elogiaba, sin gran entusiasmo, a los ciudadanos que sabían ser comedidos, corteses...” (p. 141). As dúas referencias, en *La Regenta* (2001): Madrid, LIBSA, v. 1.

¹⁸ Do estilo, por exemplo, do que reproduce o xornal vigués *El Miño* (17.11.1860): “Tan dulce en costumbres el gallego, tan paciente como el antiguo indio, es el Zíngaro de aquella región, el Judío del Egipto, el Iloa de Esparta: para él no ha llegado aún esa deseada civilización...” ou do que pronuncia o representante por Ribadavia Teófilo Rodríguez Baamonde en 1862: “¡Después dice el gobierno que Galicia no es sufrida! Si esto pasase en Cataluña o Aragón [está a falar da crise dos viñedos por efecto do oidium], ¿lo sufrirían de la misma manera que lo sufrieron los distritos viñícolas de Orense? (...) El gobierno no despierta, y si no atiende a esa parte importante de España [refírese a Galiza], que no por ser sufrida deja de ser menos digna, que se atenga a las consecuencias” (*Diario de Sesiones de las Cortes. Congreso de los Diputados* (21.03.1862): 1551 e 1557; no sucesivo, DSC.CD), ou do que aparece no coruñés *El Avisador* (27.11.1863): “continuamos siempre siendo lo que somos, una colonia española que paga y calla, que contribuye en más de una octava parte a los gastos de la nación, que lleva pagados por consiguiente la octava parte de los ferro-carriles de España, y que nosotros, sin ese gravamen, con las sumas que de nuestros bolsillos salieron, podríamos tener hoy un ferro-carril con los rails de plata. Pero es fatalidad de Galicia”. Os homes da nosa xeración estarían, xa que logo, moito máis preto do discurso que facía un Antonio de la Iglesia en 1862 (“«¿Del amor a Galicia que arraigamos en nuestros pechos, resultará desafecto hacia el resto de la nación española? De ningún modo. Desmentiremos siempre tan absurda sospecha»”), ca do de Alfredo Vicenti en 1870 con ocasión da súa homenaxe aos mártires de Carral (“Y libérate quisieron de esa España / que desdeñando tu asqueroso roce, / a los que nacen de tu suelo, extraña, / diciendo que su rostro no conoce. / De esa España, que acémilas de carga / vuelve a tus hijos: y al dejarlos ciegos, / para hacer su miseria más amarga / los insulta llamándoles ¡¡Gallegos!!”). A primeira referencia está tirada de Beramendi (2007: 124) e a segunda da *Revista Galaica* (15.11.1874).

algunha), estes son algúns dos trazos básicos da xeración de Vázquez de Parga e de Pardo-Bazán, a que na Galiza dos anos medios do XIX levou en parte as rendas do poder político (aínda que algúns estenderon a súa acción tamén á 1ª Restauración) e marcou coa súa influencia o ton correcto da “boa” sociedade. Vexamos agora máis polo miúdo as respectivas traxectorias, se ben cunha atención máis demorada na de Pardo-Bazán por menos coñecida, repaso que servirá para introducir algúns matices, máis de forma ca de fondo, neste retrato xeracional.

OS (MOITOS) ATRANCOS DA TERRA

“Preciso es que en España (...) la inteligencia y actividad se aleje de la vida del presupuesto y se reconcentre en la de la agricultura e industria; todo lo que tienda a favorecer esta idea, es una base de moralidad y bienestar”. Así expresábase, en 1860, José Pardo-Bazán nunha colaboración no xornal *El Correo de Lugo* que por entón dirixía o seu amigo Manuel Vázquez de Parga, unhas liñas que concentran, na súa esencia, o alicerce fundamental do pensamento económico pardobazaniano: a saber, a necesidade imperiosa de facer converxer as enerxías na produción agrícola e, de xeito máis subsidiario, na industrial con esquecemento das pretensións, que o futuro conde ollaba con temor, de vivir do presuposto de boa parte dos galegos da altura (a “empleomanía” á que se referían xa entón moitos artigos de prensa, e que o propio Pardo-Bazán criticaría e padecería en máis dunha ocasión)¹⁹. De 1850 datan as primeiras novas que temos das ideas de Pardo-Bazán no referente á cuestión agraria. Na *Revista de Galicia* (1.06.1850), unha publicación dos seus anos universitarios en Compostela na que Vázquez de Parga intégrase como director, e na que tamén colaboran Antonio de la Iglesia, Tomás Martínez Servida, Germán Castro Arias ou José María Gil, Pardo-Bazán publica “Estudios sobre la propiedad en Galicia. Foros: su historia, ventajas e inconvenientes”, un traballo que reproducirá máis adiante na *Galicia. Revista Universal de este Reino* (15.07.1864) á que daban folgos os seus amigos os irmáns de la Iglesia. Logo dun repaso histórico pola enfiteuse e o foro, con aprobación incluída da Real Provisión de Carlos III de 1763 (“sabia disposición” lle chama por non permitir a continuidade dos desposxos) que establecía de facto a perpetuidade das cesións forais, a súa postura diante da pregunta de se o contrato foral continúa a ser útil é clara: enténdeo un instrumento beneficioso sempre e cando se lle dea unha seguridade legal da que até o de agora carece pola provisionalidade da decisión de 1763²⁰. Nesa mesma altura, Vázquez de Parga, autor da “Introducción” que abre a revista, limitábase a reproducir a pregunta, aínda sen resposta, que por entón comezaba a tomar forza: seguen a ser útiles os foros na Galiza de mediados

¹⁹ “Desnivelación en precios de granos y jornales, y población de Galicia”, *El Correo de Lugo*: 10.06.1860. E continuaba: “(...) de aquí que para un miserable estanco se ponen en juego las mayores influencias y es muchas veces su provisión objeto de intrigas de todo género”.

²⁰ Sobre a temática foral, Villares (1982, 1982a, 1987). Sobre a polémica dos desposxos, Barreiro Fernández (1985).

do século XIX? Ao tempo, tanto un coma outro evidenciaban as súas simpatías por un pensamento fisiocrático que atoparemos en toda a súa produción escrita, e que xa vimos como Vázquez de Parga resumía no sentir de que sen a agricultura ningunha outra industria é posíbel, que se acompaña dunha apelación, que tamén ambos os dous reproducirán máis adiante, á necesidade do ensino agrícola para superar o carácter “rutinario” das prácticas agrarias do país.

Na mesma revista, no mesmo mes e no mesmo ano (15.06.1850), Pardo-Bazán incluía outra colaboración co título de “Economía rural. Propietarios y administradores”. O que fala agora é o propietario preocupado pola xestión das súas posesións, e de aí a teima coa que manifesta a necesidade de administradores ben formados que sexan quen de dirixir con tino as explotacións e de manter unhas relacións proveitosas cos caseiros, foreiros, arrendatarios e xornaleiros que as traballan. O futuro conde reparte responsabilidades entre propietarios e administradores na busca dos culpábeis polo atraso agrícola do país. Dunha beira, os “hacendados” absentistas que marchan á cidade na busca dun lecer e dunha cultura que os campos non lles ofrecen, e de outra uns administradores que, sexa por descoñecemento ou por interese propio, fan mal o seu traballo con prexuízo tanto dos donos das terras como dos que as colonean²¹. O debuxo que bosqueja do administrador ideal pasa por un individuo que a unhas nocións elementais de Dereito e aos coñecementos agrícolas, engada a honradez no seu traballo, e nos ombreiros destes renovados administradores fai repousar, a xeito de apóstolos do progreso agrícola, a responsabilidade non só de mellorar os rendementos das explotacións ao seu coidado, senón de acadar que a partires da forza do seu exemplo xurdan imitadores das boas prácticas entre os labregos, que ao ollar por si mesmos os bos resultados da aplicación das novas técnicas de cultivo ás terras dirixidas por estes modernos Columelas, esquecerían dunha vez as súas rutinas para embarcárense con decisión na mellora dos cultivos e así entrar dunha vez na agricultura “moderna”. O exemplo e a emulación como os alicerces dunha práctica agrícola que superaría

²¹ Verbo dos absentistas, convida aos “grandes” con posesións en Galiza a pasar aquí os veráns no canto de facelo en destinos exóticos de Europa, que deste xeito coñecerían as súas terras ao tempo que deixarían cartos no país. A xeira de ilegalidades que fai recaer nos administradores é longa: usureiros, trampulleiros con propietarios e cultivadores, promotores de preitos para logo inflar os gastos que presentan aos donos, intrigantes que buscan quedar coas terras que administran, litigantes cos propietarios que tentan despedilos aproveitando os moitos contactos que teñen no país...

²² Compara Pardo-Bazán a laboura destes administradores coa que, antes do proceso desamortizador, desenvolvían os cregos que dispuñan de terras nos seus igrexarios: alí, segundo o coruñés, experimentaban con novos cultivos, ofrecían consellos aos seus fregueses e actuaban como honrados prestamistas de cartos e sementes (a mesma afirmación atopámola en Colmeiro 1843: 40). Algúns mesmo seguían a confiar, en 1860, na figura dos cregos como os mellores apóstolos das innovacións agrícolas pola “veneración” que lles tiñan os labregos (E.M.R., “Influencia del clero rural en los adelantos de la agricultura y conveniencia de establecer una Granja-escuela en el ex-convento de Conjo”, *Revista Económica* (1860-1): t. II, pp. 89-93; é probábel que as siglas correspondan a Eugenio Montero Ríos, nesa altura cun pensamento ben separado do que no Sexenio lle valerá o alcume de “Lutero” Ríos pola promoción de leis apelidadas de anticlericais polos carlistas). Referencias cheas de recoñecementos ao papel dos cregos verémolas repetidas máis adiante nas intervencións públicas de Pardo-Bazán, tanto verbais como por escrito, até conformar no seu conxunto unha proba máis dunha das características máis marcadas do futuro conde: a súa fonda relixiosidade.

deste xeito as súas limitacións, neste caso da man dunha figura intermediaria e exemplar que sería a do administrador²². Volveremos a atopar estas ideas na *Memoria* de 1862, ao igual que a aposta, que xa fai agora, por establecer “casas-modelo” en Galiza destinadas á formación agrícola e á experimentación con novas técnicas e con novas sementes, que cadra á perfección co pensamento de Vázquez de Parga, na mesma publicación e do que xa temos dado conta, verbo da necesidade de vencer a moita “ignorancia” que preside os traballos agrícolas porque “el suelo que rotura de un modo, puede ser roturado de otro más fácil y ventajoso, y pueden sembrarse otras semillas distintas de las que tiene por costumbre...” (“Introducción” 1.06.1850: *Revista de Galicia*).

De 1853 data o seguinte traballo que nos interesa de Pardo-Bazán. En concreto, “Algunas ideas sobre el establecimiento de un Banco Agrícola en la provincia de La Coruña”, recollido na *Galicia. Revista universal de este reino* (15.03.1862: aquí sinálase que foi en xullo de 1853 cando o artigo viu a luz por vez primeira). Agora é a dispoñibilidade de crédito para financiar os investimentos agrarios dos pequenos cultivadores o que preocupa ao coruñés, e a súa proposta pasa por conceder o protagonismo ás deputacións provinciais que deberían ser quen de pór en marcha bancos agrícolas de carácter público que, a baixos tipos de xuro (5 %), proporcionasen pequenos capitais (de 20 a 200 rs., aínda que coa posibilidade de aumentar esta cantidade) con garantía hipotecaria²³. Do traballo interesan tamén algúns aspectos laterais ao tema principal, mais que axudan a perfilar dun xeito máis preciso o seu pensamento agrario. É o caso da reiteración, máis unha vez, dunha moi positiva valoración do clero galego (que nos tempos do décimo, na súa opinión, actuaba como xeneroso prestamista), até o punto de que ao arcipreste e ao párroco de quenda inclúeos como membros das sucursais locais do proxectado banco²⁴; da defensa numantina do dereito de propiedade que entende en perigo pola grande cantidade de “caseteros” que existen no país, xornaleiros sen terra e sen respecto algún pola propiedade²⁵, ou da crítica que fai ao excesivo número de concellos espallados por Galiza, que entende fonte de rivalidade sen conto.

Con ocasión da súa presenza no Congreso dos Deputados en 1855 e 1856, Pardo-Bazán volta a ocuparse dos asuntos agrarios do país. Agora, en concreto, preocúpase pola sorte dos foreiros e arrendatarios de terras que viñan pagando rendas aos

²³ As dificultades de acceso ao crédito polos labregos galegos é un tema que aparece con insistencia na prensa do momento. Ver, por exemplo, “El crédito hipotecario en Galicia” (26.11.1863) *El Anunciador*; “De lo que es en este suelo la agricultura y de los obstáculos que deben ser removidos para que llegue a lo que debe ser”, *Revista Económica* (20.11.1859): n° 2, pp. 22-23; *El Correo de Lugo* (1.09 e 15.10.1860).

²⁴ Esta reiteración en situar ao grupo eclesiástico na avangarda ou, cando menos, nos postos de saída das figuras con protagonismo no progreso agrícola do país, é debedora de iniciativas tardoilustradas das que a mellor representación é o coñecido *Semanario de Agricultura y Artes dirigido a los párrocos*, editado entre 1797 e 1808.

²⁵ Sobre a figura dos caseteiros, Cardesín (1992, 1996).

mosteiros mais que agora, por efecto da Desamortización, deben satisfacelas aos novos donos do *directo*, aos compradores que se fixeron con ese dereito nas subhastas de bens nacionais²⁶. Logo de facer súa a idea de que coa Desamortización buscouse, ademais de aportar fondos a unhas arcas sen folgos, interesar no sistema liberal aos compradores (“porque por desgracia las ideas liberales necesitan ser apoyadas, porque tienen muchos enemigos”: *Diario de Sesiones de las Cortes. Congreso de los Diputados* (29.01.1856): 10353; no sucesivo, *DSC.CD*), esixe que eses colonos teñan a posibilidade de redimir as súas rendas e así convertérense en propietarios das terras que levan xeracións traballando e ás que puxeron en cultivo cando as recibiran a monte. Fai, xa que logo, unha aposta pola redención por canto entende que do contrario a sorte dos cultivadores sería “pavorosa”, presuponse que na perspectiva dunhas rendas que se renovarían á alza polos novos cobradores fronte duns mosteiros que, non podía ser doutro xeito con Pardo-Bazán, trataran aos colonos como “hijos”. É interesante esta proposta redencionista porque supón unha evolución a respecto da aposta pola continuidade foral que manifestara en 1850, e tamén porque contrasta coa postura reversionista que manifestará en 1865, como logo veremos. Na mesma intervención, e no que constitúe xa un pensamento que recunca, atopamos de novo o empeño pola defensa da propiedade, en concreto na crítica que fai a un emprego en exceso xeneroso da expropiación forzosa por utilidade pública, que supón un perigo certo para os dereitos de propiedade. Engade, ademais, que o seu respecto é un sinal do grao de liberdade dun país, e que un partido como o progresista, ao que seus contrarios alcuman de pouco firme na súa defensa, debe coidar con especial coidado este tema (p. 11017).

O 20 de maio de 1860 tirábase en Lugo o primeiro número do xornal *El Correo de Lugo*. A publicación aparecía como unha iniciativa máis, aínda que de marcada importancia, na estratexia establecida para tentar facer realidade a construción da liña férrea Palencia-A Coruña, concedida polo goberno en 1858 e que agora un grupo de entusiastas, encabezados polo ferrolán Juan Flórez, buscaba facer realidade coa promoción dunha subscrición de accións en toda Galiza. Entre seus apoios en Lugo contaba con Manuel Vázquez de Parga, dende 1857 xa conde de Pallares, e quen no decurso da súa presenza no Congreso na lexislatura 1857-58 figurara na primeira liña dos deputados que acadaran facer da vía unha realidade parlamentaria que agora había que traducir en travesas, pontes, viadutos e estacións. Para o que agora nos ocupa, a mención do *Correo* interesa por varias razóns. En primeiro lugar, porque un dos principais promotores da publicación vai ser o conde de Pallares, que exercerá como director; en segundo termo porque aquí incluírá Pardo-Bazán outra das súas reflexións de temática agraria, cun artigo titulado “Desnivelación en precios de granos y jornales, y población de Galicia” (10.06.1860), e en terceiro lugar porque

²⁶ Para a diferenciación entre donos do *útil* (co dereito a traballar as terras cedidas en foro en tanto paguen a renda) e os donos do *directo* (co dereito a cobrar as rendas que gravan as terras outorgadas en foro), o mellor é acudir á obra clásica de Villares (1982). Sobre a Desamortización en Galiza, ver tamén Villares (1994).

o xornal dará acubillo a algunhas das voces máis autorizadas no tratamento do tema foral, na altura un asunto de plena actualidade. A partitura que toca agora Pardo-Bazán é a do *hacendado* que se laia da suba dos xornais experimentada nos tres últimos anos, que tira cara abaixo da renda dos propietarios, cara arriba dos gastos de explotación e impide introducir melloras nos cultivos. Mais tamén a do fisiócrata que olla con desacougo o que, na súa opinión, é unha fuga de brazos da agricultura cara as obras públicas (menciona ao arsenal ferrolán), a emigración e a busca de ocupacións menos penosas nalgún monopolio estatal do tipo dos “estancos”, unha marcha que o tendido das vías férreas (á que non se opón en absoluto) acelerará no futuro polas súas necesidades de man de obra. A solución que propón ten un evidente cheiro arbitrista: destinar ás obras públicas aos presos e aos acollidos nas casas de beneficencia. A colaboración, por outra banda, cadra á perfección coa temática xeral da publicación, que baixo o alento de Pallares, e só por detrás do espazo dedicado ao ferrocarril, destina moitas páxinas a repasar a problemática agraria do país, cun interese moi especial reservado aos artigos de temática foral que inclúen colaboracións de nomes tan coñecidos como o viveirense José María Castro Bolaño (“Cargas perpetuas que afectan a la propiedad territorial de Galicia y su influencia”, de nítido contido redencionista), Benito Amor Labrada, Francisco Sancho Gutiérrez ou Jacobo Gil Villanueva. Na perspectiva de Vázquez de Parga, a chegada do ferrocarril esixía dunha fonda reforma na estrutura da propiedade territorial e da desaparición do foro (sen aclarar aínda se debe facerse nun senso redencionista ou reversionista), unha idea que a aguda crise agraria arrastrada dende 1853 e agravada pola praga das vides afectadas polo “oidium” non facía senón reforzar.

Será en 1862 cando, na *Memoria sobre la necesidad de establecer escuelas de agricultura en Galicia* (Madrid, Cía. de Impresores y Libreros), José Pardo-Bazán e Manuel Vázquez de Parga arrexunten as súas forzas nun intento por poñer en común algunhas das ideas que compartían a respecto das posibilidades e atrancos da agricultura do país. Como demostran as cartas cruzadas entre eles, a idea e a maior parte do texto ten a paternidade de Pardo-Bazán, en tanto que Vázquez de Parga engadiu retoques de estilo e algunhas consideracións finais²⁷. En todo caso, estamos diante dunha autoría conxunta e dunha obra que recolle seu pensamento agrario á altura de 1862, e resulta unha testemuña fundamental para achegármonos aos posicionamentos contemporáneos verbo da situación e das perspectivas de futuro da agricultura galega que, non por casualidade, sitúase nunha década, a dos anos sesenta do XIX, preñada de iniciativas deste tipo: aí está o *Informe* do propio conde de Pallares do que logo falaremos, a reunión en Santiago do *Congreso Agrícola de Galicia*, a *Memoria* do pontevedrés Antonio Valenzuela, a realización de exposicións agrícolas e gandeiras (e tamén *artísticas* e *industriales*) en varias cidades

²⁷ As cartas consérvanse no AHPL, CP, atado 9. Do interese que espertou a *Memoria* fala o feito de que foi obxecto de publicación pola *Galicia, revista universal de este reino*, en sucesivas entregas nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro de 1862.

(Compostela 1858, Vigo 1860, Lugo 1866, 1867) ou os proxectos de redención foral presentados nas Cortes por Justo Pelayo Cuesta²⁸. Todo un feixe de actuacións que demostran a presenza no país dunha fonda inquedaanza verbo do seu futuro agrícola, dun convencemento de que os tempos son chegados para dar o paso a unha agricultura que supere as *dificultades tradicionales* e se insira no molde capitalista e mercantilizado que trunfa en Europa, único xeito de aproveitar en todo o seu potencial os efectos da chegada do ferrocarril que se desexa inminente (por máis que a teimuda realidade a adíe aínda por moitos anos) e de que Galiza, en definitiva, non quede á marxe da corrente de *progreso* que percorre todo o Continente e que ameaza con abeirar aquelas rexións que non sexan quen de levar adiante as reformas que esixen os tempos:

Para conjurar esta decadencia de los campos, creemos que los medios de hacerlos más productivos es el de mejorar sus métodos de cultivo y aprovechamiento, reconcentrar el de granos, extender la cría de ganados, ahorrar brazos por medio de los procedimientos y máquinas adaptables al mediano y pequeño cultivo, y generalizar la instrucción agrícola con el ejemplo. ¿Podrá conseguirse esto con consejos, con artículos de periódicos, con teorías, en fin, mejor o peor plasmadas? (Memoria sobre..., cit.: 47).

Modernizar podería ser a verba que mellor resumise o contido da *Memoria* de inspiración pardobazaniana. Modernizarse porque a evolución agrícola europea esixe dunha rápida variación nos métodos e sistemas de cultivo para que Galiza non quede á marxe dos adiantos do século²⁹. Ao longo de todo o texto, o que atopamos é un compendio ampliado do ideario agrario do coruñés que temos xa seguido dende 1850. A ideoloxía de fondo é a dun pensamento de raíz fisiócrata apenas disimulado, que non chega a ser antiindustrialista apenas por unhas décimas, e que se acompaña dunha crítica á vida urbana preñada dunha ideoloxía socialmente conservadora. Onde moitos outros, de Adam Smith en diante, ven un futuro alicerzado no crecemento industrial, aquí é a agricultura a única actividade de fiar por canto só ela garante unha evolución sen crises apocalípticas (“La agricultura no ofrece estas crisis, porque la abundancia de los productos podrá abaratar el precio, pero nunca faltará el consumo”, p. 64), en tanto que nas economías centradas na produción fabril as crises “naturalmente frecuentes” desembocan na “miseria de multitud de familias que libran su subsistencia en los talleres” (p. 64). Como “generosa madre de todas las industrias” (p. 6), é a agricultura a ocupación que debe ser obxecto de protección polos gobernos, que farían ben en desbotar a promoción das grandes urbes, non só por razóns económicas senón a partires de argumentos de carácter político e social: as poboacións millonarias son fonte certa de perturbacións sociais porque nelas

²⁸ Pallares (1862), Fernandez Casanova (1982), Planellas, Neira e de la Riva (1858), Valenzuela Ozores (1865), Veiga (1997).

²⁹ Cfr. co pensamento que desenvolve só un chisco máis tarde o economista Joaquín Díaz de Rábago (Martínez Rodríguez 2006).

medra o desexo a prol dunha “imaginaria igualdad” (p. 62), xermolo de revolucións que no pensamento de Pardo-Bazán e Pallares se busca substituír polo “mediano bienestar de los campos” (p. 66), a verdadeira medida da riqueza dun país³⁰.

A partires desta ideoloxía agrarista no económico e conservadora no social, que busca case con desesperación garantir brazos xoves para o traballo nas leiras e evitar a suba de xornais que, afirman, xa se nota no país (de aí as críticas á atracción que ofrecen as obras públicas, a emigración e as ofertas de emprego estatal: p. 44), os autores sitúan as eivas máis visíbeis da agricultura galega e propoñen as solucións que estiman oportunas, nunha liña arbitrista que se remonta, cando menos, aos traballos dos Ilustrados estudados no seu día por Fausto Dopico (1978). Contra do que seu título dá a indicar, a falla de educación non é, en absoluto, a única fenda que detectan no sistema agrícola do país, e se fan especial fincapé nela é en parte porque se trata dun eido no que a administración ten unha capacidade inmediata de actuación, de aí a interpelación directa que efectúan ás deputacións para que boten sobre dos seus ombreiros a erección de escolas agrícolas en cada unha das catro provincias (pp. 68-69). Na relación de eivas a superar, que parten dun xenérico “atraso” alicerzado na rutina dos traballos agrícolas, sitúan as “cargas” que gravan a agricultura por efecto dos contratos e que van en aumento, a falla de estabulación do gando e da alternativa de colleitas con presenza aínda do barbeito, a carencia de mecanización das faenas agrarias e as dificultades de acceso ao crédito³¹. Resulta extraño que na relación non haxa mencións ao estremado parcelamento das terras, un tema no que si afondará Pallares no seu *Informe* como deseguido veremos, que no seu día centrara a celebrada e premiada *Memoria* de Manuel Colmeiro (1843) e que logo ocupará tamén boa parte da do lugués Castro Bolaño (1850) e da do pontevedrés Valenzuela Ozores (1862, con defensa incluída da pequena propiedade), así como artigos do compostelán J. Sánchez Villamarín (*Revista Económica* 30.06.1861: nº 16, e 15.06.1861: nº 17)³². Máis lóxica é a inconcreción verbo das cargas derivadas dos contratos aos que aluden como atrancos a superar, e mesmo que apenas dediquen unha liña a eles e sen mencionar sequera o tema foral: nos autores a necesidade da

³⁰ Moi semellante era a opinión do Manuel Colmeiro de 1843: a agricultura é o alicerce de todas as industrias, e achega unha prosperidade máis sólida e menos exposta a crises ca o comercio e a industria (pp. 6-7); porén, entende preciso o desenvolvemento industrial para librar á agricultura do exceso de brazos que obriga a un esfarelamento excesivo das terras (p. 33); en canto ás cidades, refírese a elas como “vasto cementerio de las capitales” (p. 10). O republicano ourensán Juan Manuel Paz Novoa opinaba que “la agricultura es la base radical, necesaria, de la prosperidad pública” (*Galicia, revista universal de este reino*, 1.08.1862). Tamén José Varela de Montes (*Revista Económica* 15.11.1862: nº 49) reclama a volta aos campos dos que marcharon á cidade. Varios anos despois, J. Barcia Caballero teimaba na crítica á vida urbana responsábel da “decadencia de la raza” (*Revista de la Sociedad Económica* 30.11.1882: nº 11).

³¹ Na negativa valoración que se fai do estado agrícola do país, inflúe dun xeito decisivo o contexto no que nos estamos a mover, marcado polos efectos da gravísima crise de mediados da década dos 50 e o impacto da praga de *oidium* nas vides, que contrasta cos adiantos que os *hacendados* máis informados, como Pardo-Bazán e Pallares, ollan en agriculturas como a inglesa, a francesa ou a xermana. Ver, tamén, Valenzuela (1865: 7). Sobre a praga das vides, *Revista Económica* (10.01.1860): nº 7; Blanco Fernández (1862).

³² A obra de referencia nestes anos sobre o tema da división do terrádego é a de Caballero (1864).

reforma semella clara, mais os indicios apuntan a que as solucións difiren de xeito radical, cun Pallares achegado ao redencionismo e un Pardo-Bazán que se decanta pola reversión (agás no caso de rendas forais incluídas nos bens do clero obxecto de desamortización, como xa vimos). Retomaremos o tema un chisco máis adiante.

Do conxunto de propostas que realizan, e se abeiramos polo de agora o tema da instrución agrícola, salientan dúas pola importancia que lles conceden. Dun lado, está a necesaria e imprescindible especialización gandeira que desexan para o país (pp. 32-38), no que recollen ideas de ilustrados como o cóengo compostelá Pedro Antonio Sánchez Baamonde (1802), que non obstante abordara o tema dende unha perspectiva máis económica ca propiamente agrícola, como é o caso da *Memoria*. Na gandería atópase o “porvenir” de Galiza (até por cinco podería multiplicar a produción), mais precisa de reformas urxentes que fagan aos nosos cebóns competitivos no mercado europeo e que garantan unha continuidade na oferta que evite os bambeos pronunciados de prezos. Unen a especialización gandeira con outra innovación fundamental, como é a extensión das forraxes artificiais que presentan como consecuencia lóxica da introdución do principio de rotación de cultivos, a segunda proposta que salientan. A secuencia é dunha lóxica esmagadora, cando menos na teoría: a alternancia evita o barbeito, garante a imprescindible colleita de cereais (necesaria para satisfacer as rendas) e asegura o sustento do gando, cuxas deposicións son o alicerce dos adubos que alimentan a fertilidade dos terreos³³. A carón do gando e da rotación de cultivos, defenden a introdución de maquinaria (dende a “trilladora” até a “guadaña”, esta opción dende logo máis realista ca primeira), a drenaxe de terreos e a necesidade de contar con infraestruturas de rega³⁴.

³³ A secuencia aparece repetida en numerosos autores. A alternancia defendíaa xa, no s. XVI, Alonso de Herrera (cito pola edición corrixida pola Sociedad Económica Matritense de 1818: 23). Outro clásico, Duhamel (1754; cito pola edición española de 1813), fixa xa toda a secuencia alternancia-forraxeiras-gando-adubos. Tamén, *Casa rústica de 1840* (1842: 38-40) e, máis preto de nós, Peña (1846: 34-36), *Revista Económica* (20.11.1859): n° 2; (1.03.1860): n° 12; (15.04.1863): n° 59, ou Valenzuela (1865: 5). En 1865, Pardo-Bazán teimaba na necesidade da triloxía leiras de cultivo, monte e prados como alicerce da agricultura do país (*Galicia, revista universal de este reino*: 15.01.1865).

³⁴ Como cabía agardar, outros autores discrepan da capacidade da agricultura do país para adoptar maquinaria. Valenzuela (1862: 84) afirma con rotundidade que apenas se é aplicábel a Galiza, e o mesmo opina Ramón Somoza Piñeiro (*Revista Económica* 1860-1: t. II, pp. 49 e 52: “Es muy fácil disertar sobre agricultura invocando la maquinaria, pero no lo es tanto atinar con los medios e inventos más a propósito para cada país...”, p. 52). Menos escéptico é José Sánchez Villamarín, que aposta porque sexan deputacións e xuntas provinciais de agricultura as que a adquiran e experimenten, para logo recomendarlas aos labregos (*Revista Económica* 15.01.1863: n° 53). O mesmo conde de Pallares recoñece que é moi difícil atopar maquinaria axeitada á curta extensión das leiras e ás escasas posibilidades de mercado dos labregos, e que convencelos das súas bondades esixe moito máis ca unha demostración. Con motivo da exposición lucense de 1867 houbo presentacións de arados e traballouse con eles, mais pola banda dos espectadores só atoparon menosprezo e incompreensión: “En la prueba que con el se hizo (refírese a un arado tipo Howard) se ha visto que el surco que abre es limpio y regular; se ha visto también que se necesita grande abnegación para enseñar a los que, por una presunción llevada al último extremo, pretenden ocultar su ignorancia esgrimiendo las armas del ridículo, y prefieren negarlo todo a aprender algo” (*Memoria y Catálogo de la Exposición agrícola y de ganados celebrada en Lugo en octubre de 1867, formada según encargo de la Diputación Provincial por el Conde de Pallares y cuya publicación quedó ahogada por los acontecimientos de Septiembre de 1868*, conservada no Museo Provincial de Lugo, fondo “La exposición agrícola y de ganados celebrada en Lugo. Octubre de 1867”).

Con todo, e como corresponde ao título da *Memoria*, é no eido da instrución agraria no que Pardo-Bazán e Pallares fan recaer a responsabilidade de pór á agricultura do país en disposición de equipararse e competir coas producións estranxeiras. A idea ten pouco de orixinal porque é un clásico do pensamento agrario que se alimenta da confianza ilustrada nas posibilidades transformadoras da educación (Cabral 1995; Gabriel 1989; García Sanz 1996; Robledo 1993). Nas “adiciones” que o profesor de agricultura Claudio Boutelou fai en 1818 á *Agricultura General* de Alonso de Herrera (un libro de 1513), afirma:

La falta de instrucción en agricultura, y la decidida oposición y repugnancia que generalmente se encuentran en casi todos los labradores para mudar o variar alguna parte de sus rutinas o prácticas heredadas de sus mayores, el no querer admitir ningún nuevo método de cultivo, aunque aprobado en otras partes, son causa de los pocos adelantamientos rurales que hasta ahora se han hecho entre nosotros; pero nos debemos prometer que por medio de la enseñanza y del ejemplo se propagarán los conocimientos útiles, y nuestra agricultura llegará al grado de esplendor y de perfección de que es capaz (t. I, p. 23).

Ideas semellantes atopámolas no galego Vereá y Aguiar (1835; curiosamente, das oito “colonias-escuelas prácticas” que propuña establecer ningunha se situaba na Galiza), en Lasala (1862), en Ramírez (1865) ou nos moitos artigos que se ocupan do tema na *Revista Económica* (20.11.1859; 10.04.1860; 15.05.1861: “[o ensino agrícola] romperá las vallas de la apatía y las cadenas de la ignorancia”; 30.11.1861; 15.05.1862...). Xa que logo, a teima na instrución de Pardo-Bazán e Vázquez de Parga insírese sen problemas no pensamento agrario da época e faino, ademais, compartindo a prevención moi común nestes anos verbo da necesidade dunha ensinanza práctica, que nin quede na teoría nin sexa de tan elevado nivel que resulte de imposible asimilación para os labregos, destinatarios ideais das ensinanzas. A súa proposta concreta é que cada deputación promova na respectiva provincia a erección dunha escola agrícola de carácter eminentemente práctico, escolas que se complementarían coa creación dun instituto agrícola rexional, cun plano de estudos de maior carga teórica, para a promoción de enxeñeiros agrícolas. A formación de individuos ben instruídos na dirección de explotacións agrícolas, a experimentación con novas técnicas e novos cultivos e a forza da emulación e do exemplo, serían os beneficios destas ensinanzas que desterrarían a rutina dos traballos e convencerían aos labregos das bondades de variar os seus xeitos tradicionais de cultivo. Todo demasiado utópico nun contexto dominado polas cesións forais, a imposibilidade de acceso ao crédito barato, un parcelamento extremo das leiras e unhas gravísimas eivas nas infraestruturas de comunicación terrestres, problemas todos que aínda tardarían décadas en resolvérense³⁵.

Na cuestión, clave, da definición do suxeito da innovación, neste caso referido á concreción do axente ou institución encargado de promover o ensino agrícola,

³⁵ Non todos coincidían neste optimismo educativo, porque experiencias anteriores fracasadas facíanos ser moi escépticos. Ver, por exemplo, os comentarios de *El Faro Asturiano* (19.01.1863).

a aposta decántase pola Administración: deberían ser as deputacións as que se responsabilizasen de facer realidade os proxectos educativos. Na *Memoria* os “hacendados” galegos quedan libres de responsabilidade algunha no espallamento da nova agricultura, e isto por varias razóns: non son agricultores por preferir a avogacía, a política ou a milicia, carecen de interese real por mellorar as súas propiedades, están orfos dos coñecementos precisos e, por enriba, nin sequera son propietarios plenos das terras pola presenza da maioritaria cesión foral. A falla de bos administradores que os substitúan no apostolado instrutivo completa o círculo: só dende os poderes públicos será posíbel turrar polo ensino agrícola, o que por outra banda era unha idea xeneralizada na altura (Luque Ballesteros 2006)³⁶. Porén, Pardo-Bazán non se vai contentar con botar balóns fóra e descargar nas deputacións todas as responsabilidades, xa que de feito vai tentar erixir pola súa conta unha escola agrícola, como demostran as cartas que intercambia co seu amigo Vázquez de Parga. Sabemos que xa en 1857 fixera o intento de crear unha explotación gandeira na zona da Capelada (Villares 1982: 266), até onde coñecemos un proxecto inconcluso, e agora vai demostrar de novo a súa capacidade de iniciativa ao aventurarse a erixir pola súa conta e risco a mencionada escola³⁷. Consciente de que a súa posición política progresista pouco lle axudaba diante da deputación coruñesa e do goberno aos que presenta o proxecto, o seu maxín proxéctaa instalada nas posesións vilalbesas do conde de Pallares, en Penascorbeiras, a carón da vila de Vilalba, e así llo presenta ao seu amigo e desexado socio. Mesmo lle ofrece a alternativa de crear unha sociedade que merque os terreos e xestione a escola porque está certo da súa rendibilidade explotada de xeito privado, mais a oferta non atopa boa acollida e todo quedará nun proxecto fracasado máis³⁸.

³⁶ Mais non todos pensaban igual. En 1843, Colmeiro afirmaba dos propietarios que eran a “clase designada por la providencia para abrir la senda del progreso en la agricultura, para señalársela al bracero, al colono y al propietario pobre y para lanzarse con atrevimiento en la carrera de las mejoras...”, e animábaos a instruírense na ciencia agrícola para mellorar os seus cultivos (pp. 37-38). Tamén o conde de San Juan (*Revista Económica* 30.04.1860) encomendaba aos propietarios a tarefa de instruír ao labrego, predicar co exemplo do cultivo de novas plantas e “en una palabra llevar al campo la civilización y sus progresos en cuanto son adaptables a la naturaleza y condiciones de la población rural” (p. 276). Antonio de Valenzuela, pola súa banda, dirixe a *Memoria* de 1865 aos propietarios, logo de dúbida de se facelo aos cultivadores: “En duda tal, bien convencido de que solamente de la clase más ilustrada de los propietarios territoriales, puede emanar por ahora, todo impulso hacia el mejoramiento deseado, a ella creí deber dirigirme primero” (p. 3). E continúa: “Permítasenos creer que el mal y su remedio dependen de los propietarios territoriales que están llamados, por su ilustración, a imprimir dirección conveniente a la práctica del cultivo, comunicando las nociones de la ciencia moderna a los simples trabajadores” (254-255). Sobre o tema do papel dos propietarios *innovadores*, en xeral, Veiga (1998), e sobre a cuestión da definición do suxeito da innovación, Fernández Prieto (1992, 1998).

³⁷ Non é unha casualidade que cando na *Memoria* se ocupa das posibilidades gandeiras do país, aluda precisamente á zona da “Capilada” (p. 47).

³⁸ Cartas de Pardo-Bazán a Pallares: 16.12.1861, 1.01.1862, 3.03.1862, 24.06.1862. Todas, en AHPL, CP, atado 9. Pardo estaba firmemente convencido das bondades do seu proxecto (“o muy alucinado estoy o creo que ha de ser de resultados excelentes para el país”, confésalle a Pallares en 3.03.1862), e tamén de que en breve creáranse centros semellantes en Pontevedra, Santiago e A Coruña (1.01.1862). Coñecemos que a Deputación da Coruña aceptou a súa proposta en maio de 1862 e que a transmitiu ao ministerio de Fomento, onde con outras semellantes pasou a participar do sono dos xustos (*Galicia, revista universal de este reino*: 15.05.1865).

Neste mesmo ano de 1862, e con ocasión dun inquérito que o ministro de Fomento dirixe a todas as xuntas de agricultura provinciais, vai ser o conde de Pallares quen manifieste con largueza o seu pensamento agrario³⁹. É un tema que xa teño abordado noutras ocasións polo que non vou repetir aquí argumentos moi padexados, mais si interesa traelo a colación polo que supón de complemento ao pensamento da *Memoria* de inspiración pardobazanianiana que vimos de analizar. No fundamental a coincidencia é case total: a mesma confianza na ensinanza agrícola orientada cara a práctica, a mesma responsabilidade que se bota sobre dos ombreiros da administración para crear as granxas-escola, idéntica opinión sobre dun futuro que pasa pola promoción da gandaría, e sempre todos os argumentos alicerzados nunha ideoloxía de fondo mestura de conservadorismo social, de teima antiurbana e antiindustrialista (os seus dous demos particulares responsábeis da fuga de brazos da agricultura, de perturbacións sociais sen conto, e de repetidos sobresaltos políticos: “La industria atrae constantemente los hombres a las ciudades y los enerva; es indispensable hacer que vuelvan a los campos todos los que sobran en las poblaciones y que recobren al aire libre su energía física y moral”, p. 100), e de prevencións diante duns labregos que Pallares define, de xeito explícito, como “niños grandes” (p. 76), case párvulos que esixen paciencia e constancia para facelos saír da súa secular rutina. As diferenzas, xa que logo, son de matiz, mais non por iso menos interesantes. De maneira xeral, poderíamos falar da contención de Pallares verbo do entusiasmo pardobazanianiano: por exemplo, onde o coruñés ve unha posibilidade de especialización gandeira con cuxos que engordarían para a súa venda posterior, o lugués aposta por un gando de tripla función (tiro, leite e carne) na liña tradicional do país en función das limitacións que presentan as minúsculas explotacións cara unha hipotética especialización cárnica. Outro exemplo: onde Pardo-Bazán imaxina explotacións ben dimensionadas coa mente posta no ideal inglés axeitado a Galiza, Pallares prefere terras que superen o estado actual de esaxerado parcelamento mais sempre convencido de que a pequena propiedade seguirá a ser dominante. No *Informe*, ademais, o espazo que se destina á reflexión sobre dos atrancos que a calquera innovación ofrece o esnaquizamento tanto da propiedade como do terrádego, é moi superior ao que ocupa na *Memoria*, o que cadra ben con esta hipótese dun Pallares realista fronte dun Pardo-Bazán cuxo entusiasmo salta barreiras sen importar a altura. As cartas que se intercambian levan á mesma conclusión: mentres un (Pardo-Bazán) ofrece alternativas varias para facer realidade o proxecto

³⁹ *Informe presentado a la Junta de Agricultura de la provincia de Lugo por su vice-presidente el conde de Pallares, en contestación al interrogatorio sobre el estado de la enseñanza agrícola, sobre los medios de contribuir a su propagación y al fomento de la agricultura, dirigido en 10 de mayo de 1862 por el Excmo. Sr. Ministro de Fomento* (1862): Lugo, Soto Freire. Na *Galicia, revista universal de este reino* (1.08.1862), Juan Manuel Paz eloxiaba o *Interrogatorio* de Fomento e a súa intención de erixir escolas de agricultura, que entendía debían ir acompañadas da edición dun *Boletín agrícola* que nunha linguaxe sinxela presentase aos labregos novos métodos de cultivo. Sobre o organigrama agrícola do ministerio de Fomento, Pan-Montojo (1995). Sobre a política agraria do Estado, Fernández Prieto (1998).

da escola agrícola, outro (Pallares) non atende a ningunha porque as conceptúa de aplicación imposible sen o apoio da administración. Unha última diferenza, tamén máis de grao ca de fondo, é a referida á diferente insistencia na necesidade de superar a organización da propiedade que domina no país e as cargas que leva ás costas: na *Memoria* ocupa apenas unhas liñas, en tanto que no *Informe* é obxecto dunha análise máis fonda e mesmo, dun xeito indirecto e aínda pouco firme, propónse unha solución liberadora na liña do acontecido en Europa: a redención.

Até onde sabemos, nin un nin outro participa nos debates do Congreso Agrícola galego celebrado en Compostela en xullo de 1864 (para o que Vázquez de Parga estaba convidado, se ben por entón pasaba unha difícil situación persoal), unha ausencia que non deixa de resultar estraña en dous individuos da traxectoria destes⁴⁰. Como resulta de sobra coñecido, un dos temas estrela do Congreso centrase no debate sobre o futuro da cesión foral con dúas posturas ben definidas, respectivamente redención ou mantemento do *statu quo*. Só unhas semanas antes da realización do Congreso, o deputado pontevedrés Justo Pelayo Cuesta presentaba no Congreso dos Deputados unha proposición de lei de redención de “foros, subforos, rentas en saco y derechuras” (*DSC, CD, 1.04.1864, apéndice 1º*) e, a pesares de ser unha proposta pouco ambiciosa que permitía a continuidade de determinados foros, vai xerar a reacción inmediata de José Pardo-Bazán que a contesta cun artigo no *Boletín Judicial de Galicia* (30.04.1864) titulado “Observaciones y adiciones al proyecto de ley presentado a las Cortes en 30 de marzo de 1864 por el diputado Don Justo Pelayo sobre rentas y pensiones establecidas en Galicia”⁴¹. Aquí o futuro conde repite ideas xa coñecidas, en especial a necesaria especialización gandeira que esixe concentración de propiedades e fomento de pastos artificiais, mais sobre todo fai explícita a súa postura verbo da cuestión foral: agás no caso dos que foron obxecto de venda na desamortización (aposta pola súa redención cun tipo do 4%), para o resto das cesións forais opta pola reversión sempre que o cobro da renda permaneza na mesma familia que concedera no seu intre o foro, é dicir, pola expropiación dos cultivadores e a concentración da propiedade nas mans do *directo*, dos perceptores das rendas que se converterían así en propietarios *perfectos*. Na mente de Pardo-Bazán, era o único xeito de superar a división da propiedade que xeraba o foro

⁴⁰ Aínda sorprende máis a non presenza de Pardo-Bazán logo do chamamento expreso e público que se lle fixo dende as páxinas da *Galicia, revista universal de este reino* (15.07.1864): a carón das voces redencionistas de Castro Bolaño e Pelayo Cuesta, agardan ouvir outras que non o son como as de Luís de Trelles e José Pardo-Bazán

⁴¹ Non é a única reacción: tamén o viveirense Luís de Trelles contesta a proposta de Pelayo cualificándoa de socialista e de expropiación do *directo* (Villares 1982: 272). No Congreso Agrícola que se celebra apenas tres meses despois, a opción defendida polo pontevedrés sobrevoa todos os debates que, en certa medida, defínense polo seu apoio ou a súa oposición a ela.

e que impedía adoptar as reformas precisas para modernizar e facer competitiva a agricultura do país. Calquera outra solución, e nisto concordaba con outros pensadores como Luís de Trelles, suporía unha inasumíbel aposta polo socialismo⁴².

Precisamente vai ser neste tema onde Vázquez de Parga distanciárase dun xeito máis claro do seu compañeiro de xeración⁴³. Para elo aproveitará a segunda presentación diante das Cortes do proxecto de redención que fai Pelayo Cuesta en 1866, que por mais que sexa unha proposición menos apoucada ca primeira (agora ningún foro se salva da redención), padecerá a súa mesma sorte e nin chegará a ser discutida polas súas señorías⁴⁴. Nas páxinas do prestixioso voceiro dos moderados *La Época*, Vázquez de Parga publica unha serie de artigos en novembro e decembro de 1866 nos que deixa clara a súa postura a prol da redención foral como a solución non só máis xusta senón social, económica e politicamente máis útil: non é un despoxo dos dereitos dos perceptores de rendas porque prevé unha indemnización, libera á terra dunha carga perpetua e permite que a propiedade se unifique nun único posuidor (a *perfectibilidad* desexada), condición *sine qua non* na súa perspectiva para implementar as reformas urxentes que precisa a agricultura patria. No que semella unha chiscadela e unha resposta ao seu amigo Pardo-Bazán, afirma que calquera saída en sentido reversionista con perda dos dereitos dos cultivadores podería implicar unha perigosa reacción en senso contrario alicerzada no argumento roussonianiano de que toda propiedade é un roubo, unha situación que convén evitar a toda costa.

A última das reflexións agrarias que coñecemos de Pardo-Bazán realízase en calidade de membro da xunta provincial de agricultura da provincia da Coruña, e trátase dun amplo comentario que fai á obra de Fermín Caballero, recentemente premiada, *Fomento de la población rural*⁴⁵. No fundamental, o futuro conde fai unha proposta para axeitar ás condicións galegas as ideas do ilustre extremeño. No canto dun coto redondo dunha única parcela, propón a súa coñecida opción tripartita con parcelas de cereais, monte (de entre 5 e 9 hectáreas cada unha) e prado (de 0,5 hectáreas), a mellor para as condicións agrarias do país. No canto

⁴² Moitos anos despois, en xaneiro de 1909, a filla de José Pardo-Bazán, a coñecida escritora Emilia Pardo-Bazán, puña a súa sinatura a carón da de outros representantes da alta nobreza galega como os condes de Camarasa, Rivadabia ou Maceda, para opoñerse ao proxecto de redención foral que presentara o deputado Eduardo Vincenti. A prensa informaba de que se agardaban reunir até 20.000 autógrafos na contra da redención. Era evidente que os *donos do directo* mantiñan na altura forza dabondo como para defender a continuidade na percepción das rendas de orixe foral, e que entre eles os Pardo-Bazán seguían a ser uns referentes na loita pola preservación.

⁴³ De xeito explícito, nunha correspondencia de 30.01.1868 (AHPL, CP, atado 10), Pardo-Bazán indica que non está de acordo coa solución ao problema foral que defende Pallares, mais aínda así pídelles que presente un proxecto de lei para resolver dunha vez o asunto.

⁴⁴ “Proposición de ley presentada al Congreso por el Sr. Cuesta, sobre foros, subforos, rentas en saco y derechos establecidos en las provincias de Galicia, Asturias y León (31.01.1866)” [1866]: *Revista General de Legislación y Jurisprudencia*: XXVIII, pp. 148-159.

⁴⁵ *Galicia, revista universal de este reino* (15.05.1865).

de pozos “artesianos” aporta unha solución propia, mentres que acepta encantado a idea de pór en marcha unha “policía rural”, imprescindible nun territorio de poboación tan esfarelada como o galego, mais sobre todo fai descansar o éxito de calquera medida na previa realización dunha versión galega das clásicas *enclosures* británicas, nunha concentración parcelaria *avant la lettre* de tal xeito que cando o 50% dos propietarios dun distrito decidise levar adiante a concentración, esta tivese legalmente que realizarse. Deste xeito superaría a excesiva división da propiedade que, de continuar, faría imposíbel calquera aplicación da teoría dos coutos redondos a Galiza.

DE AGRÓNOMOS DE SALÓN A AGRICULTORES PRÁCTICOS

José Pardo-Bazán pasa por ser un dos poucos “hacendados” galegos realmente preocupados pola mellora e a modernización das súas propiedades. Así o indicou, por exemplo, José Antonio Durán (1995), e tamén os profesores Villares e Fernández Prieto, mais de feito é moi pouco o que sabemos dos seus traballos como agricultor “a la moderna”⁴⁶. Escaso é tamén o noso coñecemento verbo das prácticas agrarias do conde de Pallares, ao que a partires dos datos recollidos cabería cualificar, sen ánimo pexorativo algún, como un “experimentador de horta” nas súas posesións vilalbesas de Penas Corveiras, ao tempo que as súas paneiras enchíanse de cereais, viño e capóns procedentes de explotacións dirixidas e explotadas por terceiros a partires de arrendamentos, parcerías e cesións forais. A Pardo-Bazán aválan algunhas iniciativas exitosas e outras das que descoñecemos o seu resultado final. Sabemos do éxito dun plano de regadío en posesións súas radicadas na provincia de Pontevedra (de feito, é este do rego un asunto do que se ocupa con largueza na *Memoria*)⁴⁷, e xa temos aludido ao seu proxecto de crear unha explotación gandeira na serra da Capelada que ignoramos se chegou a ser realidade. A compra que realiza na exposición universal de Londres celebrada en 1862 dunha nova máquina de muxir, que glosa outro propietario “innovador” como Ramón Somoza Piñeiro na *Revista Económica* (30.05.1863), confirma plenamente este interese gandeiro do coruñés. En outubro de 1861 eran uns porcós “recastados” chegados de Inglaterra o obxecto de atención de Pardo-Bazán, animais polos que tamén Pallares amosaba interese, e nese mesmo mes anunciaba que ía copiar unha máquina para facer manteiga que daba excelentes resultados⁴⁸. A finais dese ano, o coruñés solicitaba

⁴⁶ Sen dúbida que un repaso a fondo dos seus papeis depositados no arquivo da Real Academia Galega proporcionaríanos moita información, mais polo de agora non tiven ocasión de consultalos.

⁴⁷ Como socio da SEAP santiaguesa, sabemos que en 1863 recomendou vivamente á sociedade a obra do abade Paramelle, *El arte de descubrir los manantiales*. Ver, *El Anunciador* (4.12.1863).

⁴⁸ AHPL, CP, atado 9, 20 e 25.10.1861. Debía ser unha práctica bastante espallada entre os propietarios pudentes a de realizar imitacións, máis ou menos axeitadas ás características e necesidades dos cultivos do país, de maquinaria ollada en exposicións agrarias ou en publicacións especializadas. Por exemplo, sabemos que Pallares ordenou reproducir unha grade modelo “Valcourt” que presentou na exposición agrícola e gandeira de Lugo en 1867.

do lucense o envío dos apuntamentos que este tiña tomados das rotacións coas que se traballaba na granxa agrícola de Grignon, preto de Paris (Pallares viña de regresar dunha viaxe por Francia e Alemaña), para ver de aplicalos nas súas propiedades⁴⁹. En 1867, informa Pardo-Bazán a Pallares da boa marcha dos “Eucalyptus” que sementara había algún tempo... En fin, datos moi esfarelados que precisarían dunha pescuda máis a fondo para dotalos de maior consistencia e perfilar mellor o carácter de agricultor “a la moderna” do coruñés. O mesmo cabe afirmar de Pallares, do que coñecemos os seus experimentos agrarios nas terras vilalbesas de Penas Corbeiras: os traballos que fai cunha grade Valcourt de fabricación propia, cun cortacéspedes e cun “transplantedor” de ferro, as súas plantacións de sorgo e alforfón..., nunha liña sen dúbida semellante á de outro importante “hacendado” lugués como foi Ramón Neira Montenegro, do que sabemos era propietario de arados modernos fabricados en ferro que presentou na exposición agrícola e gandeira celebrada en Lugo en 1867, ao que fai Manuel María Neira co “trigo sarracénico” ou ás experiencias con forraxeiras e remolacha de Ramón Somoza Piñeiro e Antonio Magín Plá (Veiga 1998: 27).

POLÍTICA E IDEOLOXÍA

Na breve biografía que el lucense *El Regional* dedicou a glosar a figura de José Pardo-Bazán (6.05.1891), afirma del que representou coma ninguén as virtudes do partido progresista e que foi varias veces elixido deputado a Cortes polo partido “liberal”. Algúns anos despois, en 1908, era *El Norte de Galicia* (13.11.1908) quen repasaba a figura de Manuel Vázquez de Parga e destacaba o seu carácter de cabeza visíbel por moitos anos dos conservadores lucenses partidarios de Antonio Cánovas. As referencias sitúannos diante de dous individuos que, como xa adiantamos, participaron na primeira liña da política estatal coas súas presenzas no Congreso dos Deputados (e, no caso de Pallares, tamén no Senado co seu posto vitalicio dende 1877), e que reflicten coas súas traxectorias as dúas opcións políticas que de 1834 en adiante (co permiso da Unión Liberal entre 1856 e 1868) dominan no panorama político do país: moderados e progresistas, logo transformados en conservadores e liberais grazas á habelencia política de Cánovas e Sagasta. Pallares estivo no Congreso nas lexislaturas de 1857-8, 1863-4, 1871-2, 1872 e 1876-7, en tanto que Pardo-Bazán fíxoo nas de 1854-6 e 1869-71, polo que nunca coincidiron nos corredores das Cortes.

Ambos os dous, con independencia dos seus posicionamentos ideolóxicos dos que deseguido nos ocuparemos, movéronse nas augas do clientelismo e do padroádego propias da política decimonónica. A práctica do favor e da recomendación, lubricante fundamental dunha actividade pública no que compoñentes informais como a familia, o parentesco e a amizade (instrumental ou non) resultaban centrais na carreira de

⁴⁹ *Ibíd*em (4.11.1861).

calquera aspirante a deputado, non foi allea en absoluto aos nosos persoeiros, e numerosas correspondencias cruzadas entre eles así o demostran⁵⁰. Tampouco dubidaron en aproveitar a súa condición de rendistas e “*hacendados*” con numerosos foreiros e colonos para instrumentalizar en forma de sufraxios a súa situación de superioridade e de dominio económico verbo dos seus dependentes, unha práctica que desborda o intercambio clientelar (que ten na voluntariedade un compoñente central) para achegarse á simple subordinación duns labregos que obxectivamente poucas opcións tiñan de negárense a votar con mansedume a prol dos candidatos que se lles indicaban⁵¹. Nada estraño nin extraordinario na altura. Ben ao contrario: prácticas semellantes continuaron a desenvolvérense aínda na II República a pesares de que por entón, cando menos na teoría dos discursos, o denominado “*caciquismo*” era criticado e repudiado de xeito unánime polo conxunto dos protagonistas da vida pública (Grandío 1999). Na cultura política de que participaban tanto Pallares como Pardo-Bazán, e que era a común á inmensa maioría dos individuos que se significaban na vida pública da segunda metade do XIX, os aspectos privados e persoais non quedaban en absoluto á marxe das súas actuacións como persoeiros públicos, de tal xeito que consideracións alicerzadas en criterios familiares, de parentesco, de amizade, de “*honor*” ou de veciñanza, que hoxe consideramos restrinxidos á parcela do íntimo e do persoal, xogaban un papel de primeira orde no proceso político por máis que na prensa e mesmo nos discursos da propia clase política estas interferencias fosen obxecto de crítica e de reproche. Non cabe aquí esgazar as vestiduras de xeito melodramático nin tampouco son de recibo xuízos morais verbo dunha praxe política que pouco tiña aínda de democrática, e que por outra banda atopamos repetida, con máis ou menos intensidade, en toda a Europa finisecular de Gran Bretaña a Italia (Kahan 2003; Tilly 2007). As culturas políticas mudan con lentitude e manteñen por moito tempo prácticas herdadas de antigo (e o clientelismo ten unha historia moi longa) por mais que a lexislación as condene e as impida na teoría, como se demostrou sobradamente no experimento democrático de 1931-6. Máis lamentábel e máis incomprensíbel é que se sigan a reproducir na actualidade só con mudanzas de forma e con escasa autocrítica...

⁵⁰ Por exemplo, AHPL, CP, atado 9, 14.04.1856 (Ángel Omaña pide a Pallares que evite a súa cesantía como secretario do goberno civil de Lugo que Pardo-Bazán está a amañar); 11.12.1858 (Pallares solicita recomendación de Pardo-Bazán nun preito); 26.06.1860 (agora é Pallares quen tramita a recomendación nun preito de Pardo-Bazán en Pontevedra)...

⁵¹ Por exemplo, AHPL, CP, atado 10, 5.01.1868 (Pardo-Bazán solicita cartas de recomendación para os caseiros da familia Vázquez de Parga na zona de Ortigueira); 2.01.1869 (Pallares, pola súa antiga amizade, ofrécelle a Pardo-Bazán os votos dos seus caseiros, e dos do seu sobriño Pastor Maseda Vázquez de Parga, en Ortigueira); 26.01.1869 (Pardo-Bazán agradece a Pallares e a Pastor Maseda os votos recibidos dos seus caseiros)... Este tipo de ofrecementos foron habituais entre persoeiros unidos por vencellos informais de amizade e parentesco, sen que as diverxencias de tipo ideolóxico fosen un impedimento (por exemplo, e nestas mesmas eleccións de 1869, as primeiras celebradas con sufraxio universal masculino directo, Pallares tamén outorgou os votos dos seus caseiros a prol doutro individuo representante por entón da esquerda do liberalismo, como foi o tamén lugués Manuel Becerra; ver, *ibidem*: 28.10.1868).

Todo o anterior, porén, non quere dicir que os políticos Vázquez de Parga e Pardo-Bazán estivesen orfos de ideoloxía, é dicir, que carecesen dun conxunto máis ou menos conexo e articulado de ideas a partires do que organizar a súa actividade política⁵². Pallares presenta unha traxectoria que comeza no moderantismo máis achegado á póla no seu día representada por Cándido Necedal (logo atraído ao carlismo), é dicir, na vertente máis á dereita duns moderados que tiñan nos “puritanos” de Pastor Díaz, Pacheco ou Martínez de la Rosa a súa faciana máis aberta a unha colaboración cos progresistas da que Vázquez de Parga desconfiaba en grao sumo, até o punto de que por propia confesión afirma non se presentou ás eleccións de 1858 por temor a que o ministerio da Unión Liberal fixese unha política de signo progresista (AHPL, CP, atado 10, 17.06.1862). A marca de fábrica que mellor define a ideoloxía deste Pallares de primeira hora é, sen dúbida, a defensa da interferencia clerical no ensino, como demostra a súa sinatura ao pé dunha emenda á lei de instrución pública de Moyano na que se reclama a presenza da ensinanza relixiosa en todos os centros de ensino e a vixilancia eclesial dos contidos, para deste xeito evitar a introdución de doutrinas inmoris ou anticatólicas (*DSC.CD*, 18.06.1857, pp. 431-2). Co Sexenio Democrático, Pallares aposta pola opción alfonsista que representa Cánovas del Castillo o que supón o seu afastamento do moderantismo para participar da manobra integradora do político malagueño, que inclúe a posibilidade dun bipartidismo á inglesa coa fórmula dos partidos dinásticos e, xa que logo, a colaboración cos progresistas sagastinos alicerce do partido liberal da Restauración. Do punto de vista das súas ideas, todo fai indicar que o paso máis duro para o político lugués foi aceptar o principio da liberdade de cultos establecido no célebre artigo 11 da Constitución de 1876, que sabemos custoulle na capital das murallas críticas furibundas das beatas⁵³.

A defensa da consideración constitucional de España como nación católica, con exclusión do resto de cultos, é o aspecto no que máis claramente coincide Pallares con Pardo-Bazán, por canto noutros aspectos os seus idearios políticos aparecen enfrontados. Fronte do moderantismo do lugués, o posicionamento progresista de Pardo-Bazán lévao a ser elixido alcalde da Coruña en 1854 (Barreiro Fernández 2001: 476), o seu deputado a Cortes en abril de 1855 e tamén a resultar nomeado para encabezar a Milicia Nacional da cidade herculina en 1856, quizais a institución máis representativa do progresismo que facía real o ideal do cidadán armado na

⁵² Para unha revisión de termos como “teoría política”, “ideoloxía” ou “cultura política”, ver Beramendi (1998, 1999).

⁵³ “¿Vio Vd. que el conde de Pallares votó la libertad de cultos? Si, quien lo pensara, eso lo hace por mantenerse: ¡parece mentira que sea de Lugo!”. Así comentaban dúas luguesas á saída da misa da catedral a actitude do seu parlamentario, segundo informaba o gobernador civil Antonio de Medina ao propio Pallares (AHPL, CP, atado 12, 9.05.1876). Nunha correspondencia posterior (16.05.1876) indicáballe que logo de votado o artigo 11, ao goberno non lle quedaban en Lugo nin “seis adeptos”. O artigo, logo de sinalar como relixión oficial do Estado a católica romana, establecía que “Nadie será molestado en el territorio español por sus opiniones religiosas ni por el ejercicio de su respectivo culto...”, se ben só se permitían as manifestacións públicas da relixión católica.

defensa dos principios liberais e dos logros constitucionais⁵⁴. Tanto na serie de biografías dedicadas aos deputados elixidos en 1869, entre os que se atopa, como nas necrolóxicas dedicadas á súa figura (*El Regional*, 6.05.1891), Pardo-Bazán é sempre presentado como progresista sen mácula, ademais de sinalalo como home de principios que non facía “seguidismo” dos seus compañeiros cando as súas ideas non cadraban coas destes, moi en especial no tema da unidade católica como deseguido veremos. Destácase a súa defensa frontal do principio da liberdade (en oposición a uns moderados máis centrados no criterio da “orde”), a súa preocupación polos dereitos do pobo e até é presentado como “republicano de corazón”, unha afirmación excesiva por canto en correspondencias privadas o propio Pardo-Bazán afirma ser “monárquico de buena fe”⁵⁵. Tamén nas súas contadas intervencións parlamentarias é posíbel ollar algunhas das ideas que conformaban o seu pensamento político. É o caso do canto que fai á independencia dos empregados públicos para poderen votar en conciencia e mesmo en contradición do goberno que os nomeou, que mereceu a contestación do mesmísimo presidente do goberno, o xeneral O’Donnell⁵⁶, da defensa da propiedade privada, verdadeiro termómetro que na súa opinión mide a liberdade que hai nun país, da necesidade de economías que permitan baixar os impostos, ou da aposta por un grao suficiente de descentralización que dea folgos ao traballo de concellos e deputacións, argumentos que defende sempre co coidado de aclarar que poidan ser ideas “avanzadas” mais que nelas non hai nada nin de socialismo nin de anarquismo (*DSC.CD*: 29.01.1856, 23.03.1856).

Á altura de 1861, en pleno apoxeo da Unión Liberal, e xa que logo nun intre politicamente difícil para aqueles progresistas que como Pardo-Bazán non se subiran ao carro encabezado por O’Donnell, confesaba nunha carta a Vázquez de Parga a súa total adhesión a Olózaga, o líder progresista da altura, e manifestaba estar “encantado” co discurso de contestación á Coroa que, como líder da oposición, este viña de desenvolver⁵⁷. As ideas que entón defendía Olózaga, e coas que Pardo-Bazán dicía comulgar, respondían con exactitude a algúns dos vectores directores do ideario progresista. Primacía do lexislativo (ou, cando menos, control e fiscalización dos actos do goberno), con crítica incluída á política exterior do executivo unionista en Venezuela, México, República Dominicana, Italia e Marrocos por negarse a debater en Cortes os acordos adoptados verbo destes países; rexeitamento da Constitución de 1845 polas excesivas prerrogativas que concedía ao monarca; defensa da propiedade

⁵⁴ *Los diputados pintados por sus hechos. Colección de estudios biográficos sobre los elegidos por el sufragio universal en las constituyentes de 1869* (1870); Madrid, Labajos y cía, t. I, p. 204.

⁵⁵ AHPL, CP, atado 10, 1.03.1869. O de “republicano de corazón”, en *El Regional* (6.05.1891).

⁵⁶ *DSC.CD*, 19.01.1856, p. 9996. O contraargumento de O’Donnell reflicte á perfección o escasamente definido que estaba entón o principio da separación entre executivo e función pública. Logo de afirmar o perfecto dereito que tiña o goberno para destituír con total liberdade a cantos empregados quixese, engadía: “Pues qué, ¿se puede servir al Gobierno en empleos públicos y combatirle en todos los actos de su administración? Esto es un absurdo, un absurdo completo” (p. 9996)

⁵⁷ AHPL, CP, atado 9, 18.12.1861. O discurso de Olózaga, en *DSC.CD*, 11, 12, 13 e 16.12.1861.

privada fronte dos que acusaban aos progresistas de atacala e rexeitamento frontal do socialismo; independencia xudicial; crítica das excesivas interferencias dos militares e dos poderes eclesiásticos diante do goberno e da mesma raíña (con mención incluída ás falsas miragres de Sor María Rafaela del Patrocinio, a célebre monxa das xagas); defensa da catolicidade dos progresistas mais, ao tempo, tolerancia cos cultos privados e, sobre todo, non interferencia da Igrexa nas tarefas de goberno (que Olózaga cría se estaban a producir e a xerar posturas reaccionarias no executivo agochadas baixo da máscara de “falsa relixión”); concesión da máxima liberdade compatíbel coa necesaria orde; apoio á monarquía constitucional e vindicación dos progresistas como verdadeiros patriotas verbo das insinuacións en senso contrario dos partidarios da Unión Liberal.

Coa Revolución de 1868, un Pardo-Bazán afastado da primeira liña política dende 1856 volta a escena e faíno para apoiar con entusiasmo o levantamento que provoca a caída dos Borbóns. Con independencia de que, segundo afirma o sempre ben informado Barreiro Fernández (2001: 476), non colaborase no derrocamento da dinastía, a súa adhesión aos principios dos partidarios da “España con honra” de que falara o almirante Topete, non ofrece dúbidas. En carta do 19 de outubro de 1868 dirixida ao seu amigo Vázquez de Parga, afirmaba: “V. tendrá que convenir en que es maravilloso lo que pasó en estos pocos días, y que esta fue la Revolución de más importancia y consecuencias que se ha realizado en España sea el que quiera su resultado” (AHPL, CP, atado 10). Desta adhesión tampouco debían dubidar os votantes coruñeses que o elixen como o seu deputado con case 20.000 votos, a pesares da oposición que afirma tivo tanto do “elemento oficial” (que relaciona coa Unión Liberal) como dos republicanos. Porén, é agora cando a relación co progresismo de Pardo-Bazán vai experimentar a súa particular proba de lume que o levará a afastarse dos seus “compañeros y antiguos amigos” e, finalmente, a deixar de lado de maneira definitiva o eido da política⁵⁸. O motivo do enfrontamento é a política relixiosa dos progresistas, partidarios da liberdade de cultos, que choca de fronte coas opinións do coruñés a prol da unidade relixiosa e da liberdade que unicamente caiba no “dogma católico, apostólico, romano”. Fóra de aquí, afirma, todo é “panteísmo” e “materialismo”. Engade, ademais, que apoiar a liberdade de cultos sería traizoar aos seus votantes, todos “de profundos sentimientos católicos”, e que nesa viaxe non o atoparán⁵⁹. As súas intervencións nas Cortes, que recolle Barreiro Fernández (2001: 477), non fan senón confirmar estas palabras, como a que realiza mediado xuño de 1869 na que defende a non contradición entre ser liberal e, ao tempo, partidario da unidade relixiosa de España baixo do credo católico. Sen dúbida que é aquí onde Pardo-Bazán gañou a sona de manter as súas ideas mesmo

⁵⁸ Así o expresa en carta a Pallares do 1.03.1869 (AHPL, CP, atado 10). Porén, sabemos que presentará súa candidatura nas eleccións de 1871, mais sen resultados positivos (ibídem, 26 e 27.02.1871; 13.04.1871).

⁵⁹ Ibídem, 1.03.1869.

contra do criterio dos seus compañeiros progresistas, e por actuacións deste tipo obterá en 1871 o título de conde de Pardo-Bazán de mans do Vaticano. De aquí Barreiro Fernández (2001, p. 477) deduce unha viraxe conservadora do coruñés, mais é este un aspecto sobre do que carezo de argumentos para pronunciarme xa que descoñezo a traxectoria posterior a 1871 do xa conde de Pardo-Bazán. Contradición manifesta ou “genio y figura” e independencia de criterio, son as alternativas que quedan abertas para o amábel lector que tivo a paciencia de chegar até este punto. En calquera caso, a súa filla, a condesa de Pardo-Bazán, en abril de 1913 e no seo do Consejo de Instrucción Pública, seguiría o seu ronsel ao realizar unha defensa pechada da inclusión obrigatoria do ensino da relixión católica na educación, contra da pretensión de outro galego ilustre, Eduardo Vincenti, que pretendía deixar nas mans dos pais esta decisión (*El Correo de Galicia*: 8.04.1913).

BIBLIOGRAFÍA

- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2001): “Pardo Bazán, José”, *Parlamentarios de Galicia. Biografías de deputados e senadores (1810-2001)*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galiza-Real Academia Galega, pp. 476-477.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1986): “Debates ideolóxicos e políticos en Galicia no período 1846-1868”, en *Actas do Congreso Internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Xunta de Galiza, pp. 355-370.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1983): “Las elecciones de la Unión Liberal (1858) en la provincia de Orense y el tema del caciquismo”, en Juana, J. de e Castro, X. (eds.): *I Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, Deputación, pp. 49-92.
- Barreiro Fernández, Xosé Ramón (1985): “A problemática foral no s. XVIII. Unha nova interpretación”, en Barros, C. (ed.): *Dende Galicia, Marx*, Sada, Edicións do Castro, pp. 243-258.
- Barros Guede, José (2009): “Familia y patrimonio de Emilia Pardo Bazán y de su marido José Quiroga (XXXIII)”, *La Opinión*, 30.01.2009.
- Beramendi, Justo (1998): “La cultura política como objeto historiográfico. Algunas cuestiones de método”, en Almuiña, C. et al.: *Culturas y civilizaciones. III Congreso de la AHC*, Valladolid, Universidad, pp. 75-94.
- Beramendi, Justo (1999): *La historia política. Algunos conceptos básicos*, Santiago de Compostela, Tórculo.
- Beramendi, Justo (2007): *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*, Vigo, Xerais.
- Blanco Fernández, Antonio (1862): *Del oidium tukeri y del azufrado de las vides*, Madrid, Imprenta de Manuel Galiano.

- Bord, Joe (2002): “Patronage, the Lansdowne Whigs and the Problem of the Liberal Centre, 1827-8”, *The English Historical Review*, nº 470, pp. 78-93.
- Caballero, Fermín (1864): *Memoria sobre el fomento de la población rural*, Madrid, Imprenta Nacional.
- Cabral Chamorro, Antonio (1995): *Agronomía, agrónomos y fomento de la agricultura en Cádiz, 1750-1855*, Cádiz, Universidad-Diputación.
- Cammarano, Fulvio (2002): “Le notable à l’époque libérale”, *Mélanges de l’École Française de Rome*, nº 114, pp. 673-678.
- Carballo Calero, Ricardo (1951): “Datos y fuentes para una biografía de D. Augusto Ulloa”, *Boletín de la Comisión Provincial de Monumentos Históricos y Artísticos de Lugo*, nº 36, pp. 289-292.
- Cardesín Díaz, José María (1992): *Tierra, trabajo y reproducción social en una aldea gallega (s. XVIII-XX): Muerte de unos, vida de otros*, Madrid, MAPA.
- Cardesín Díaz, José María (1996): “Paysannerie, marché et État. La structure sociale de la Galice rurale au XIXe. siècle”, *Annales. Histoire, Sciences Sociales*, nº 6, pp. 1325-1346.
- Casa rústica de 1840* (1842): Madrid, Imprenta de Omaña.
- Castro Bolaño, José María (1850): *Memoria sobre la agricultura de la provincia de Lugo*, Lugo, Pujol.
- Colmeiro, Manuel (1843): *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial de Galicia*, Santiago de Compostela, Viuda e hijos de Compañel.
- Couceiro Freijomil, Antonio (1951-53): *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago de Compostela, Bibliófilos Galegos, 3 vs.
- Crespo, José Santiago (1997): *Blasones y linajes de Galicia*, A Coruña, Boreal, t. III.
- Cuesta, Justo Pelayo (1864): “Proposición de ley del Sr. Cuesta sobre las rentas y pensiones establecidas en Galicia, Asturias y León con los nombres de foros, subforos, rentas en saco y derechuras”, *Diario de Sesiones de las Cortes. Congreso de los Diputados*, nº 91, 1.04.1864.
- Docampo, Xosé (2009): “Pardo Bazán, Emilia (liña paterna)” (URL: <http://xenealoxia.org/linaxes/celebridades/1040-emilia-pardo-bazan-liña-paterna>; última consulta: 8.06.2011).
- Dopico, Fausto (1978): *A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados*, Vigo, Galaxia.
- Duhamel de Monceau, Henri-Louis (1813): *Elementos teórico-prácticos de agricultura*, Madrid, José del Collado.
- Durán, José Antonio (1995): “Del «lugar» al «coto redondo». La utopía agraria de Pardo-Bazán”, *La Voz de Galicia*, 29.01.1995.

- Fernández Casanova, Carmen (1982): "La exposición regional de Santiago en 1858", *Revista de historia contemporánea*, nº 1, pp. 108-137.
- Fernández Prieto, Lourenzo (1992): *Labregos con ciencia. Estado, sociedade e innovación tecnolóxica na agricultura galega, 1850-1939*, Vigo, Xerais.
- Fernández Prieto, Lourenzo (1998): "La política agraria del Estado español contemporáneo hasta 1936. Del propietario innovador al fomento de la innovación en la pequeña explotación", *Historia Contemporánea*, nº 17, pp. 237-286.
- Freire, María (2009): "Emilia Pardo Bazán (liña materna)" (URL: <http://xenealoxia.org/linaxes/celebridades/1614-emilia-pardo-bazan-liña-materna>; última consulta: 8.06.2011).
- Gabriel, Narciso de (1989): *Agricultura e escola. Contra a rutina e o éxodo rural*, Santiago de Compostela, Universidade.
- García Sanz, Ángel (1996): "La reforma agraria de la Ilustración: proyectos y resultados. El precedente del arbitrista agrarista castellano", en García Sanz, A. e Sanz Fernández, J. (eds.): *Reformas y políticas agrarias en la historia de España*, Madrid, MAPA, pp. 161-200.
- Grandío Seoane, Emilio (1999): *Caciquismo e eleccións na Galiza da II República*, Vigo, A Nosa Terra.
- Herrera, Alonso de (1818): *Agricultura general*, Madrid, Imprenta Real.
- Kahan, Alan S. (2003): *Liberalism in Nineteenth-Century Europe. The Political Culture of Limited Suffrage*, Houndmills, Palgrave-MacMillan.
- Lasala, Vicente (1862): *Memoria sobre el plan de enseñanza práctico-agrícola más necesario y aplicable a los diferentes climas de España*, Madrid, Imprenta del colegio de sordomudos y de ciegos.
- Luque Ballesteros, Antonio (2006): "Divulgación agronómica y enseñanza agrícola. Las cátedras de agricultura de los institutos de segunda enseñanza en la década de 1860", *Historia Agraria*, nº 38, pp. 119-142.
- Macry, Paolo (1988): *Ottocento. Famiglia, élites e patrimoni a Napoli*, Torino, Einaudi.
- Martínez de Codes, R.M. (1982): "Reflexiones en torno al criterio generacional, como teoría analítica y método histórico" (URL: <http://revistas.ucm.es/ghi/02116111/articulos/QUCE8282120051A.PDF>; última consulta: 3.06.2011).
- Martínez Rodríguez, Susana (2006): *El liberalismo económico y social de Joaquín Díaz de Rábago (1837-1898)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pallares, Conde de (1862): *Informe presentado a la Junta de Agricultura de la provincia de Lugo por su vice-presidente el conde de Pallares*, Lugo, Soto Freire.
- Pan-Montojo, Juan Luís (1995): "La administración agraria en España, 1847-1907", *Noticario de historia agraria*, nº 10, pp. 69-90.

- Peña, José Jorge de la (1846): *Cartilla agraria para las escuelas rurales de la provincia de Lugo*, Madrid, V. de Riesgo e hijos.
- Planellas, José, Neira de Mosquera, Francisco e de la Riva, Vicente M. (1858): *Catálogo metódico de la Exposición agrícola, industrial y artística de Galicia: celebrada en Santiago en el presente año*, Santiago de Compostela, Jacobo Souto e Hijo.
- Ramírez, Braulio Antón (1865): *Diccionario de bibliografía agronómica*, Madrid, Imprenta de M. Rivadeneyra.
- Robledo Hernández, Ricardo (1993): *Economistas y reformadores españoles: la cuestión agraria (1760-1935)*, Madrid, MAPA.
- Romeo Mateo, María Cruz (2005): “De patricios y nación. Los valores de la política liberal en la España de mediados del siglo XIX”, *Mélanges de la Casa de Velázquez*, nº 35-1, pp. 119-141.
- Sánchez Baamonde, Pedro Antonio (1802): *Memoria sobre los ganados de Galicia, considerados relativamente a la Economía Política*, Madrid, Sancha.
- Sierra, María (2010): “Criterios de excelencia e imaginario social”, en Sierra, M., Peña, M.A. e Zurita, R.: *Elegidos y elegibles. La representación parlamentaria en la cultura del liberalismo*, Madrid, Marcial Pons, pp. 325-350.
- Tilly, Charles (2007): *Contienda política y democracia en Europa, 1650-2000*, Barcelona, Hacer.
- Valenzuela Ozores, Antonio de (1862): *Memoria estadística sobre la provincia de Pontevedra y el censo de 1860*, Pontevedra, José Vilas.
- Valenzuela Ozores, Antonio de (1865): *Memoria agronómica o consideraciones sobre el mejoramiento forestal, prático y pecuario en la provincia de Pontevedra*, Pontevedra, José A. Antúnez.
- Vales Vía, José-Domingo (2005): “Doña Emilia Pardo Bazán y su efímero título nobiliario”, *Anuario Brigantino*, nº 28, pp. 265-276.
- Veiga, Xosé Ramón (1997): “Desarrollo agrícola y exposiciones. ¿Una relación causal?”, *Noticiero de historia agraria*, nº 14, pp. 165-192.
- Veiga, Xosé Ramón (1999): *O conde de Pallares e o seu tempo, 1828-1908. Aproximación ao activismo das elites na Galicia decimonónica*, Lugo, Deputación-El Progreso.
- Veiga, Xosé Ramón (1998): “Perfil do propietario innovador na Galicia do s. XIX: historia dun desencontro”, *Documentos de traballo do IDEGA*, Santiago de Compostela, Universidade.
- Verea y Aguiar, José (1835): *Plan sencillo, armonioso, ejecutivo, para el establecimiento de escuelas prácticas de agricultura-colonias, fomentadoras y propagadoras*, Segovia, Imprenta de Espinosa.
- Villares, Ramón (1982): *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.

Villares, Ramón (1982a): *Foros, frades e fidagos. Estudos de Historia Social de Galicia*, Vigo, Xerais.

Villares, Ramón (1987): "Els foros de Galicia. Uns quants problemes i comparacions", *Estudis d'història agrària*, nº 7, pp. 161-185

Villares, Ramón (1994): *Desamortización e réxime de propiedade*, Vigo, A Nosa Terra.